

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	21

## 1. Introducción

Esta programación didáctica está pensada para a área de ciencias da natureza no CEIP Enrique Barreiro Piñeiro, situado en Vilariño, unha zona rural pertencente ao concello de Cambad0s. Esta aldea conta con gran cantidade de zonas verdes. Asimismo, no centro contamos cun patio moi grande con variedade de árbores autóctonos que nos permiten traballar de xeito vivencial os contidos da área que nos ocupa.

Este centro é de liña un, e conta con 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 6 unidades de educación primaria.

O alumnado para o cal se elaborou dita programación atópase no primeiro curso da etapa, polo que conta con seis anos de idade aproximadamente. Hai que destacar que dentro deste alumnado atópase alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, para os cales se recollen nesta programación medidas específicas.

A situación do centro permítenos aproveitar a infinidade de recursos que nos oferta a contorna onde se atopa, como poden ser os ecosistemas de praia e monte así como as instalacións do mesmo, totalmente renovadas. Contamos con horta escolar, composteiro, recursos de programación, radio na biblio, proxecto anual...

Estes recursos espaciais permitirán traballar de forma intradisciplinar os catro bloques de contidos que forman a materia: o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización".

Así, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas 6 unidades didácticas que conforman esta programación, quedando dúas unidades en cada trimestre, tal e como se especifica no punto 3.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A MIÑA NATUREZA	Nesta unidade afóndase no corpo humano. Na morfoloxía externa e interna e nas funcións vitais.	20	18	X		
2	COIDÁMONOS!	Nesta unidade continuamos co coñecemento do corpo humano pero centrándonos nunha alimentación saudable, nos hábitos de hixiene e o deporte.	20	18	X		
3	AS PLANTAS. OSÍXENO PURO	Nesta unidade imos afondar no mundo das plantas partindo do seu entorno máis próximo. Traballaremos contidos relacionados co que hai na natureza, os seres vivos (a flora), a súa aparencia e funcións vitais. Atenderemos ás características das árbores atendendo a características observables.	15	18		X	
4	ANIMALÍZATE!	Nesta unidade traballamos o mundo dos animais partindo dos centros de interese do alumnado. Imos aprender como son os animais, onde viven, a súa alimentación e	15	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	ANIMALÍZATE!	reprodución.	15	18		X	
5	COIDAMOS A NATUREZA	Nesta unidade traballarase a natureza dende unha perspectiva sostible e ética. Daremos importancia o emprego de materiais de orixe vexetal con poucos residuos; a regra das tres erres; contidos relacionados coa orixe dos materiais e o coidado do planeta.	15	17			X
6	VAIA MÁQUINAS!	Nesta unidade didáctica traballamos os materiais cos que se fan as cousas, a súa procedencia (contido xa empezado a traballar na unidade didáctica anterior). O emprego e utilidade das máquinas e introduciremos contidos relacionados coas partes dos ordenadores e as propiedades dos mesmos. Todos estes contidos se traballarán dende unha perspectiva sostible e responsable co planeta.	15	16			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A MIÑA NATUREZA	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identifica as principais partes do corpo e identifica algún órgano implicado nas funcións vitais.	PE	50
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñece emocións propias e dos seus compañeiros e compañeiras. Identifica e pon en valor relacións familiares e escolares.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Con axuda busca información relacionada co medio natural en algunha fonte de xeito guiado e acompañado.	TI	50
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Con apoio e acompañamento, participa en experimentos guiados empregando algunha técnica de indagación e rexistrando algún dato.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica con apoio e de xeito oral ou gráfico o resultado duha investigación sinxela. Con axuda, compara a información obtida coas predicións.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	De xeito guiado, emprega dispositivos e recursos dixitais do contexto educativo de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realiza con acompañamento e de forma pautada un produto final sinxelo empregando materiais adecuadamente.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa de forma cooperativa respectando a maioría de normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Identificación e descrición das partes do corpo humano.</li> <li>- Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	COIDÁMONOS!	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñece algún hábito de vida saudable e valora unha alimentación saudable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e un uso adecuado das tecnoloxías.	PE	45
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Identifica as principais partes do corpo e identifica algún órgano implicado nas funcións vitais.		
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Con axuda e de xeito guiado, emprega algunha fonte de información para resolver investigacións relacionadas co medio natural	TI	55
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Con axuda, leva a cabo algún experimento de maneira individual e en equipo e rexistra datos de maneira sinxela e de xeito guiado.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica de xeito oral o resultado das investigacións con axuda dun guión e de duración breve.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social recoñecendo as emocións propias e as dos demais e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Recoñece emocións propias e dos seus compañeiros e compañeiras. Identifica e pon en valor relacións familiares e escolares.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	De xeito guiado, emprega dispositivos e recursos dixitais do contexto educativo de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realiza con acompañamento e de forma pautada un produto final sinxelo empregando materiais adecuadamente.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa de forma cooperativa respectando a maioría de normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- enfermidades.</li> <li>- Identificación e descrición das partes do corpo humano.</li> <li>- Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).</li> </ul> </li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	AS PLANTAS. OSÍXENO PURO	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece algunha das características das plantas a través da metodoloxía da indagación e de xeito guiado. Emprega as ferramentas de forma pautada.	PE	45
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostra hábitos de vida sustentable e coidado da protección do planeta. Identifica algunhas accións dos humanos sobre os recursos do medio.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formula algunha pregunta e realiza predicións sinxelas sobre algún fenómeno próximo.	TI	55
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Con axuda busca información relacionada co medio natural en algunha fonte de xeito guiado e acompañado.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Con apoio e acompañamento, participa en experimentos guiados empregando algunha técnica de indagación e rexistrando algún dato.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica de xeito oral o resultado das investigacións con axuda dun guión e de duración breve.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Con apoio, recoñece conexións sinxelas e directas entre elementos do medio natural a través da observación, manipulación e a experimentación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa de forma cooperativa respectando a maioría de normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.</li> <li>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	ANIMALÍZATE!	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece algunha das características dos animais a través da metodoloxía da indagación e de xeito guiado. Emprega as ferramentas de forma pautada.	PE	30
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Con axuda e de xeito guiado, emprega algunha fonte de información para resolver investigacións relacionadas co medio natural	TI	70
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica de xeito oral o resultado das investigacións con axuda dun guión e de duración breve.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Xeralmente mostra actitudes de respecto e a recoñece como un ben común que hai que respectar.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	De xeito guiado, emprega dispositivos e recursos dixitais do contexto educativo de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa de forma cooperativa respectando a maioría de normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	COIDAMOS A NATUREZA	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Con axuda busca información relacionada co medio natural en algunha fonte de xeito guiado e acompañado.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Con apoio e acompañamento, participa en experimentos guiados empregando algunha técnica de indagación e rexistrando algún dato.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunica con apoio e de xeito oral ou gráfico o resultado duha investigación sinxela. Con axuda, compara a información obtida coas predicións.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Xeralmente mostra actitudes de respecto e a recoñece como un ben común que hai que respectar.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	De xeito guiado, emprega dispositivos e recursos dixitais do contexto educativo de forma segura.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa de forma cooperativa respectando a maioría de normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto</li> </ul>

<b>Contidos</b>	
- sinxelo relacionado coa vida cotiá. - Estratexias básicas de traballo en equipo.	

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	VAIA MÁQUINAS!	16

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece algunha das características dos elementos do medio natural empregando a metodoloxía de indagación con acompañamento.	PE	35
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Con axuda e de xeito guiado, emprega algunha fonte de información para resolver investigacións relacionadas co medio natural	TI	65
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Con apoio, analiza o efecto das forzas sobre algún obxecto de uso común e realiza experiencias sinxelas con máquinas cotiás.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Mostra hábitos de vida sustentable e coidado da protección do planeta. Identifica algunhas accións dos humanos sobre os recursos do medio.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Emprega algún dispositivo de acordo coas necesidades do contexto educativo de xeito acompañado e de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar, de forma guiada e sinxela, un produto final sinxelo utilizando de forma segura os materiais		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Con apoio participa na resolución guiada de problemas sinxelos de programación empregando o pensamento computacional.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballa de forma cooperativa respectando a maioría de normas básicas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.

## Contidos

- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.
- Tipos de materiais segundo a súa orixe.
- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.
- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Coñecemento dos compoñentes básicos dun computador.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa¿).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se emprega baséase nunha aprendizaxe competencial, globalizadora e integradora, é dicir: un saber ser, saber dicir e saber facer, deixando de lado o tratamento descontextualizado de contidos.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, para fomentar a súa curiosidade e motivación e garantir unha aprendizaxe significativa e real. O entorno do cole permítenos traballar as ciencias da natureza de xeito vivencial, xa que no patio atópase flora e fauna diversa, aspecto importante para introducir contidos nas unidades adicadas ao seres vivos.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo da unidade 2 experimentaremos cos órganos do sentidos para que o alumnado poida comprender mellor como nos relacionamos co medio que nos rodea.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

- Actividades nas que o alumnado traballe de xeito activo: integrando a todo o alumnado na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes e facéndoos partícipes do deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/ aprendizaxe.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: crear un ecosistema, realizar plantacións na horta do cole, facer unha exposición de máquinas antigas e actuais, investigar os animais da nosa charca...

-Actividades que garantan a motivación, como é o proxecto do centro: O mundo nunha viaxe, organizado dende a biblioteca e a nivel de centro no que integraremos diversas áreas, principalmente as linguas galega e castelá e as ciencias naturais e sociais e educación plástica e visual.

- Tarefas onde se traballe de xeito cooperativo: organizaranse actividades que propicien o traballo en grupo de xeito cooperativo. Levarase a cabo dinámicas para favorecer a cohesión de grupo, introduciremos ao alumnado no desenvolvemento de técnicas de aprendizaxe cooperativo (lapis ó centro, cabezas numeradas, 1, 2, 4, folio xiratorio... adaptadas á idade do noso alumnado).

-Integraremos ás familias no proceso de ensino e aprendizaxe. Por exemplo: traendo á aula elementos significativos das distintas estacións do ano, a liña do tempo, árbore xenealóxica, etc.

-Tarefas multiniveis que se adecúen ás distintas características do alumnado co fin de acadar o obxectivo do máximo desenvolvemento das capacidades de cada un e cada unha.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais para atender aos distintos estilos de aprendizaxe e para dar respostas ás necesidades sociais acordadas co século no que estamos a vivir e a desenvolvernos. A escola debe preparar para a vida.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas.

-Garantiremos a implicación do alumnado na súa aprendizaxe mediante a emoción (partindo dos coñecementos previos, dos xa mencionados centros de interese, da aprendizaxe-servizo limpando o bosque do centro). Este é un precepto indispensable da neuroeducación, polo que a emoción e a motivación son dous ingredientes principais para unha aprendizaxe real e significativa.

Atendendo a estas concrecións metodolóxicas, faise evidente a procura constante do centro cara a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe.

Os agrupamentos que empregaremos durante o curso escolar son os seguintes:

-Traballo Individual: no que os nenos/as reflexionen e practiquen, de forma personalizada, os diversos contidos traballados (para detectar dificultades) e o traballo autónomo en xeral: lecturas individualizadas, expresión escrita, exposicións orais...

-Grupo Clase: empregarase para os debates na aula, as explicacións dos contidos a tratar, a asemblea, as postas en común...

-Grupo Pequeno: utilizarase para o desenvolvemento de experiencias e proxectos. Os grupos serán flexibles e estarán formados por tres e catro alumnos/-as. O obxectivo deste tipo de agrupamento é favorecer o traballo cooperativo, fomentar a aprendizaxe significativa e facilitar a introdución de conceptos de especial dificultade.

Organización dos espazos:

Para levar a cabo a metodoloxía, faremos uso de diferentes espazos do Centro:

- Espazos propios do grupo: aula (con zonas diferenciadas de traballo: asemblea, xogos, lectura, traballo individual...)

- Espazos compartidos polo alumnado:

Biblioteca.

Ximnasio.

Pistas polideportivas e patios de recreo.

Comedor (para o traballo dos alimentos).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. RECURSOS PERSOAIS
2. RECURSOS MATERIAIS
3. RECURSOS TECNOLÓXICOS
4. RECURSOS ESPACIAIS

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o EOE. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), poleas, balanzas, maquetas, dicionarios, sopas de letras, láminas de apoio visual, libros de consulta,...

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, impresora, cámara de fotos, gravadora...

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia, comedor, praia da contorna próxima, así como os diversos espazos da contorna...

É importante sinalar que unha vez averiguados os coñecementos previos do alumnado, é interesante ver un vídeo que resuma o que imos traballar ao longo da unidade didáctica (para atender ás demandas do cerebro segundo a neurodidáctica). Por exemplo, para o traballo do corpo humano empregaremos folios e pinturas para que fagan un debuxo das tres partes principais do corpo. Poderán enriquecer a actividade poñendo nomes das partes do corpo que sairan no vídeo ou que xa coñeceran. De xeito manipulativo, con plastilina poderán facer as distintas partes do corpo e escribilas con letras móbiles. De xeito manipulativo completarán un debuxo dun neno onde pegarán as distintas partes do corpo traballadas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
- Información recollida nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, ...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
  - Barullo de ideas sobre as características básicas dos animais, plantas e do ser humano.
  - Test da figura humana.
  - Comprensión lectora de imaxes para identificar e describir a súa contorna, como por exemplo, diferentes tipos de ecosistemas, materiais da aula, do fogar ou de obxectos e máquinas cotiás, empregando rutinas de pensamento como por exemplo "Color-Símbolo-Imaxe".
  - Asemblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	15	15	15	100
Proba escrita	50	45	45	30	0	35	36

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	55	55	70	100	65	<b>64</b>

### **Criterios de cualificación:**

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación: probas escritas e táboas de indicadores.

As probas escritas serán as tarefas e fichas, o traballo no caderno de campo, resumos, esquemas, mapas conceptuais, claves dicotómicas e probas obxectivas. Terán a porcentaxe marcada en cada unidade didáctica para cada criterio de avaliación.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para obter a cualificación de cada unha das unidades didácticas empregaranse os procedementos de avaliación anteriormente citados.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

Para o cálculo da nota de cada unidade, utilizaranse as seguintes porcentaxes:

UNIDADE 1: Probas escritas: 50%. Rúbricas: 25%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 10%

UNIDADE 2: Probas escritas: 35%. Rúbricas: 45%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%.

UNIDADE 3: Probas escritas: 30%. Rúbricas: 50%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%.

UNIDADE 4: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%.

UNIDADE 5: Probas escritas: 40%. Rúbricas: 40%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%.

UNIDADE 6: Probas escritas: 30%. Rúbricas: 50%. Lista de Cotexo: 15%. Escala de observación: 5%.

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1ª avaliación x 0.4 + nota 2ª avaliación x 0.3 + nota 3ª avaliación x 0.3

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

### **Criterios de recuperación:**

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia atendendo aos seguintes criterios de recuperación:

Por un lado, realizará unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 80% da cualificación final. Por outro lado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados en ditas actividades a cal terá unha valoración do 20%.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade en igualdade de condicións e garantindo as mesmas oportunidades.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo pola situación na que se atopan e entendendo que a educación é un compensador de necesidades. Non obstante, non podemos esquecer que o que guiará a nosa práctica e o máximo desenvolvemento de cada un e de cada unha,



independentemente das súas características.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo (esencial neste primeiro curso da etapa), o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Para dar unha resposta adecuada ao noso alumnado de 1º de Educación Primaria, atenderemos á normativa que regula a atención á diversidade de Galicia: o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia e a Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o mencionado decreto. Igualmente, atenderemos ás distintas orientacións que se reflicten nos diversos protocolos que a Xunta pon á nosa disposición.

As medidas de atención á diversidade establécense unha vez feito o diagnóstico a través da avaliación inicial. Ao ser o primeiro curso da etapa e ao haber alumnado procedente de tres escolas diferentes, faise necesario un estudo pormenorizado das características e estilos de aprendizaxe de cada un/unha para garantir a continuidade na mesma. Para isto, durante as primeiras semanas de setembro revisaranse os informes do alumnado novo en aula procedente doutros centros.

Pola súa parte, a mestra de Audición e Linguaxe levarase a cabo a avaliación inicial para comprobar a necesidade de continuar cos apoios que xa recibía o alumnado e para detectar novas necesidades. Igualmente, formará grupos de alumnado que saíran da aula en caso necesario para traballar as dislalias.

Unha vez feita a avaliación inicial e analizados os resultados co equipo docente, debemos adaptarnos á heteroxeneidade da aula e aos ritmos de aprendizaxe de todo o noso alumnado. Algunhas das medidas que xa se puxeron en marcha son as seguintes:

- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Salientan as actividades multinivel para adecuarnos aos distintos niveis do alumnado. Isto é unha realidade na aula xa que hai alumnado que ten adquirida a lectoescritura e outros non. Pasa o mesmo coas matemáticas: hai nenos e nenas que xa saben sumar e outros que aínda non.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación (oralidade fronte á presentación escrita)
- Reforzo individualizado da titora e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (dentro de aula).
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

Entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade que se levan a cabo na nosa aula temos o apoio das especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapeuta.

Non podemos esquecer que as medidas de atención á diversidade mudan co paso do tempo, e que como mestras debemos adecuarnos continuamente ás demandas do noso alumnado.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

**Observacións:**

De xeito transversal, traballaremos a totalidade de valores nas distintas unidades didácticas.

A través da lectoescritura que se traballa en todas as unidades traballamos o valor 1.

A través da linguaxe inclusiva traballamos o 2 e o 5. O 2 tamén se traballa salientando o papel da muller no tema de estudo (isto faise en todas as unidades buscando unha científica relevante na temática).

A través do traballo cooperativo traballamos o valor 3 e 4.

A través do método científico xa se esixe a creatividade para poder resolver problemas. Polo tanto, en todas as unidades estamos a traballar o valor 6.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Muller...	X	X	X
Saídas á contorna	Nas que coñeceremos os ecosistemas máis próximos, os oficios das mariscadoras da vila e agricultores e agricultoras.	X	X	X
Saídas culturais	visita á bodega Martin Códax.	X	X	X
Visitas de persoas expertas	Familias, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións.	X	X	X
Obradoiros	Obradoiros de intelixencia emocional, no autocontrol e xestión emocional. Desenvolvemento de habilidades sociais que redundan nunha mellora da convivencia e mellor benestar persoal e social. Obradoiros de cociña. Obradoiros de saúde e importancia da hixiene de mans. Obradoiro adoptamos a un animal en perigo de extinción.	X	X	X
Semana da ciencia	Obradoiros de experimentos celebrando a semana da ciencia.	X	X	X
Talleres interciclo	Dúas sesións semanais onde cada grupo fará un taller diferente: robótica, horta, cociña, legos, impresora 3d...	X	X	X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Funcionalidade da programación
Coherencia entre os elementos curriculares e as tarefas deseñadas
Progresión de contidos ao longo do curso
Temporalización

Metodoloxía empregada
Adecuación das actividades
Estilo de ensinanza e rol da mestra
Procedementos de avaliación
Metodoloxías innovadoras e inclusivas
Propoño actividades de reforzo e ampliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organización de recursos e materiais
Uso de recursos didácticos variados
Medidas de atención á diversidade
Medidas de atención á diversidade.
Clima de traballo na aula
Grao de motivación do alumnado
Rexistro estratexias de aprendizaxe que repercuten positivamente ao alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinación no proceso de ensino e aprendizaxe co resto do equipo docente

### Descrición:

Dende a acción activa e continua do proceso educativo faise necesaria unha reflexión ou avaliación sobre a programación, mediante indicadores de logro que permiten coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos, a adecuación dos contidos, da metodoloxía e das actividades e dos recursos, a temporalización... Por isto, ao rematar cada unidade didáctica cubriremos unha rúbrica e/ou listas de control. Esta rúbrica estará complementada pola avaliación que os nenos e nenas fagan da mestra titora. Esta información pasarase a unha diana de autoavaliación, para ter unha información significativa, clara e fiable das dificultades e fortalezas. Tamén é interesante aproveitar momentos co alumnado para facer entrevistas semiestruturadas onde se investigue sobre as expectativas, o benestar e a integración do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase e a programación semanal para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-- Presentación dunha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.

- Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.

- Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- Prever posibles modificacións en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
- Participación da familia.

A avaliación e reflexión convertese nesta programación no principal proceso de mellora, xa que nos permite obter información sobre contidos que non foron interiorizados, experimentos que non resultaron motivadores...

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

## 1. Introducción

A presente programación didáctica corresponde ao 1º curso de Educación Primaria para o ano académico 2023/2024 para a materia de Ciencias Sociais, impartida en galego segundo o decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2022/2023, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A importancia da área de Ciencias Sociais, radica en que o alumnado logre un coñecemento e respecto pola súa contorna, cultura e historia; tanto a próxima como a máis afastada. Baseándonos nos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030, o obxecto das CCSS é o de dispoñer das ferramentas axeitadas para formar individuos libres e con espírito crítico, que apliquen a conciencia ecosocial no coidado do noso planeta.

A área de Ciencias Sociais engloba diferentes disciplinas e relaciónase con outras áreas do currículo, o que favorece unha aprendizaxe holística e competencial. Para determinar as competencias específicas, que son o eixe vertebrador do currículo, tomáronse como referencia os obxectivos xerais da etapa e o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en catro bloques temáticos:

Bloque 1: ciencia e tecnoloxía

Bloque 2. O mundo e o desenvolvemento sostible

Bloque 3. Vivir en sociedade

Bloque 4. Leccións do pasado

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. O alumnado caracterízase por comprender a realidade de xeito global, finalista e sincretista. É por isto que debemos deseñar situacións de aprendizaxe que permita ao alumnado experimentar e comprender aspectos das ciencias sociais a través da manipulación e o vivencialismo. Igualmente, nesta área faise imprescindible o deseñar situacións que poñan o aceno na adquisición de non só coñecementos, senón habilidades e actitudes científicas que garantan unha aprendizaxe ao longo da vida tal e como se indica no artigo 5 da actual lei de educación.

O centro para o que se diseña esta programación é de liña un, é dicir, ten 9 unidades, sendo 3 delas de educación infantil e 7 unidades de educación primaria. En todos os cursos hai unha unidade. Atópase situado nunha aldea chamada Vilariño onde as familias principalmente viven do campo e o mar.

Esta programación se dirixe a 21 alumnos/as.

A lingua predominante no centro e na contorna é o galego, si ben é certo, que nos últimos anos está trocando esa maioría cara unha porcentaxe máis equilibrada. Na aula de primeiro obsérvase a predominancia da lingua castelá.

Os mestres/-as que imos traballar na aula somos os que a continuación se relacionan:

Logo da revisión dos informes do curso anterior e coordinación coas titoras de EI do centro, das que procede case que o total do alumnado obsérvase que:

- Presumiblemente é un grupo que acada un bo desenvolvemento ao finalizar a etapa de EI agás tres nenos con unha maior lentitude no proceso de adquisición da lectoescritura.

É alumnado cunha baixa tolerancia a frustración e cuxos tempos de atención e concentración son moi curtos.

No eido académico hai moitas diferenzas, o que obriga a traballar por estacións. Aspecto no que se incidirá máis adiante.



## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Comezamos o curso!	Esta unidade de benvida enfócase nos coñecementos e experiencias previas propias do alumnado a partir das cales se empezarán a desenvolver os procesos, os métodos e as actitudes.	12	10	X		
2	Eu vivo en...	Nesta unidade o alumnado aprenderá contidos relacionados coas distintas edificacións, vocabulario relacionado coa casa así como profesións relacionadas coa construción de casas. Enriquecerase o currículo coñecendo distintas edificacións do mundo.	14	11	X		
3	O lugar no que vivo	Partindo dos contidos da unidade anterior, traballaremos as distintas localidades e as distintas zonas que hai nas mesmas. Estudaremos os barrios e reflexionaremos sobre o que máis me gusta e menos me gusta do barrio.	12	10	X		
4	Moitos traballos	Analizaremos os sectores laborais e os aspectos básicos da economía, partindo das profesións máis próximas. No marco desta UD recibíremola visita dalgún membro de gremios relevantes da contorna.	12	9		X	
5	Que paisaxe tan bonito!	Nesta unidade traballamos o tempo atmosférico, os distintos tipos de paisaxe, as estacións do ano e comezamos a traballar contidos relacionados coa terra, o sol e as estrelas sempre dende unha perspectiva sostible co medio.	14	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	SOS Terra	Promoveremos un estilo de vida sustentable e analizaremos o uso da auga a través dun experimento.	8	6		X	
7	Controlamos o tempo	UD destinada ao estudo das unidades temporais básicas: día, semana, mes e ano, e a percepción dos sucesos no tempo (antes e despois)	13	8			X
8	Coñecemos a historia	Ao longo desta UD levaremos a cabo un traballo de investigación guiado sobre diferentes aspectos da historia local. Empregaremos diferentes medios, tanto gráficos como dixitais para, por grupos, levar a cabo este proxecto.	15	12			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Comezamos o curso!	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por fenómenos próximos e formula preguntas relacionadas cos mesmos.	TI	100
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Con axuda e de xeito guiado, busca información sinxela de algunha fonte segura e con apoio a emprega en investigacións relacionada co medio próximo.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialóxica e identifica algunha responsabilidade individual e emprega na maioría das súas intervencións unha linguaxe inclusiva.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as principais características dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando algunha ferramenta e procesos adecuados de forma pautada e guiada.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por fenómenos próximos e formula preguntas relacionadas cos mesmos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- A vida en colectividade. A familia. Diversidade familiar. Compromisos, corresponsabilidade, participación e normas na contorna familiar, veciñal e escolar. Prevención, xestión e resolución dialogada de conflitos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Eu vivo en...	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer aspectos relacionados cos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación.	PE	50
CA3.2 - Recoller información sobre manifestacións culturais da propia contorna, mostrando respecto a outras persoas, valorando a súa diversidade e riqueza, e apreciándoa como fonte de aprendizaxe.	Recoller información sobre manifestacións culturais da contorna próxima.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialóxica e identifica algunha responsabilidade individual e emprega na maioría das súas intervencións unha linguaxe inclusiva.	TI	50
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por fenómenos próximos e formula preguntas relacionadas cos mesmos.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	O lugar no que vivo	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialóxica e identifica algunha responsabilidade individual e emprega na maioría das súas intervencións unha linguaxe inclusiva.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as principais características dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando algunha ferramenta e procesos adecuados de forma pautada e guiada.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.		
CA3.4 - Identificar institucións próximas, sinalando e valorando as funcións que realizan en prol dunha boa convivencia.	Identificar institucións próximas.		
CA3.5 - Coñecer e interiorizar normas básicas para a convivencia no uso de espazos públicos, especialmente como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, tomando conciencia da importancia da mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Coñecer normas básicas como peóns para a mellora da convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- Identidade e ámbitos de pertenza: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia. Festas tradicionais galegas e gastronomía popular.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Os deberes e dereitos das persoas. A asemblea de clase como momento para a reflexión, o diálogo, a escoita activa e a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Seguridade viaria. Normas básicas nos desprazamentos como peóns e usuarios dos medios de transporte.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Moitos traballos	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Con axuda e de xeito guiado, busca información sinxela de algunha fonte segura e con apoio a emprega en investigacións relacionada co medio próximo.	TI	100
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialóxica e identifica algunha responsabilidade individual e emprega na maioría das súas intervencións unha linguaxe inclusiva.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as principais características dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando algunha ferramenta e procesos adecuados de forma pautada e guiada.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.</li> <li>- Propostas de traballo que xurdan dunha situación problema, acontecemento ou inquietude da contorna que os rodea. Estratexias de traballo individual e cooperativo.</li> <li>- Retos sobre situacións cotiás. Funcións básicas do pensamento espacial e temporal para a interacción co medio e a resolución de situacións da vida cotiá. Itinerarios e traxectos, desprazamentos e viaxes.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> </ul>

### Contidos

- Igualdade de xénero e conduta non sexista.
- Ocupación e traballo. Identificación das principais actividades profesionais e laborais de mulleres e homes na contorna.

UD	Título da UD	Duración
5	Que paisaxe tan bonito!	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por fenómenos próximos e formula preguntas relacionadas cos mesmos.	TI	100
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados empregando técnicas sinxelas de indagación.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialóxica e identifica algunha responsabilidade individual e emprega na maioría das súas intervencións unha linguaxe inclusiva.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñece as principais características dos elementos do medio natural, social e cultural a través da indagación, utilizando algunha ferramenta e procesos adecuados de forma pautada e guiada.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos e formula algunha pregunta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).
- Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións de acordo coas necesidades das diferentes investigacións elementais sobre diversos aspectos da contorna social e da súa propia persoa, empregando persoais e modelos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- A Terra, o Sol, a Lúa e as estrelas como compoñentes da súa contorna espacial máis próximo.</li> <li>- A vida na Terra. Fenómenos atmosféricos e a súa repercusión nos ciclos biolóxicos e na vida diaria.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	SOS Terra	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo.	Utilizar dispositivos ou recursos dixitais.	TI	100
CA1.2 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por fenómenos próximos e formula preguntas relacionadas cos mesmos.		
CA1.3 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	Con axuda e de xeito guiado, busca información sinxela de algunha fonte segura e con apoio a emprega en investigacións relacionada co medio próximo.		
CA1.4 - Participar en experimentos pautados ou guiados, cando a investigación o requira, utilizando diferentes técnicas sinxelas de indagación, empregando de forma segura instrumentos e rexistrando as observacións de forma clara.	Participa en experimentos guiados e pautados empregando técnicas sinxelas de indagación.		
CA1.5 - Establecer acordos de forma dialóxica e democrática como parte de grupos próximos á súa contorna, identificando as responsabilidades individuais e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Establece acordos de forma dialóxica e identifica algunha responsabilidade individual e emprega na maioría das súas intervencións unha linguaxe inclusiva.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural.		
CA2.3 - Mostrar estilos de vida sustentable e valorar a importancia do respecto, os coidados, a corresponsabilidade e a protección dos elementos e seres do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.	Adoita mostrar estilos de vida sustentable e identifica accións dos humanos sobre os elementos e recursos do medio como o chan e a auga.		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos e formula algunha pregunta.		
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns...).</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- A curiosidade e a iniciativa na realización das diferentes investigacións.</li> <li>- Dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe de acordo coas necesidades do contexto educativo.</li> <li>- Coñecemento da nosa contorna. Paisaxes naturais e paisaxes humanizadas, e os seus elementos. A acción humana sobre o medio e as súas consecuencias.</li> <li>- Estilos de vida sustentable. O uso da auga, a mobilidade sustentable e a xestión dos residuos.</li> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Controlamos o tempo	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima, empregando nocións básicas de medida e sucesión.	Ordenar temporalmente feitos da contorna social e cultural próxima.	PE	30
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.		
CA3.1 - Mostrar curiosidade por obxectos, feitos e fenómenos próximos, formulando preguntas e realizando predicións.	Mostra curiosidade por fenómenos próximos e formula preguntas relacionadas cos mesmos.	TI	70
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- Medida do tempo na vida cotiá e as súas equivalencias. Unidades temporais básicas (día, semana, mes, ano) situando acontecementos da historia persoal e identificando cambios que se producen ao longo do tempo.</li> <li>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Coñecemos a historia	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.3 - Coñecer persoas e grupos sociais relevantes da historia, así como formas de vida do pasado, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, especialmente mulleres, relevantes da historia.	PE	30
CA3.3 - Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	Mostrar actitudes que fomenten a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos na contorna próxima.	TI	70
CA4.1 - Mostrar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.	Adoita amosar actitudes de respecto ante o patrimonio natural e cultural, recoñecéndoo como un ben común.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A escola: organización escolar, os membros e os seus roles, espazos físicos e recursos.</li> <li>- Igualdade de xénero e conduta non sexista.</li> <li>- A percepción do tempo. Conceptos temporais básicos: antes, despois, durante, pasado, presente e futuro.</li> <li>- As expresións e producións artísticas da contorna próxima.</li> <li>- Recursos e medios analóxicos e dixitais. As fontes orais e a memoria colectiva. A historia local e a biografía familiar, mulleres e homes como suxeitos da historia.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se emprega baséase nunha aprendizaxe competencial, globalizadora e integradora, é dicir: un saber ser, dicir e saber facer, deixando de lado o tratamento descontextualizado de contidos.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, para fomentar a súa curiosidade e motivación e garantir unha aprendizaxe significativa e real. Para conseguilo, será necesario incluír ás familias no proceso de

aprendizaxe así como aproveitar os recursos que a sociedade e o entorno pon a nosa disposición.

-Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo.

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, cidades verdes e contaminantes...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias.

- Actividades nas que o alumnado traballe de xeito activo: integrando a todo o alumnado na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes e facéndoos partícipes do deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/ aprendizaxe.

-Tarefas nas que o alumnado teña que planificar, deseñar, propoñer e comunicar diferentes propostas e proxectos a situacións presentadas, fomentando a creatividade, empregando a información proporcionada polos medios tecnolóxicos e utilizando de xeito eficiente diferentes ferramentas e dispositivos dixitais. Algunhas actividades a levar a cabo: facer unha maqueta do sistema solar, o paisaxe da súa zona...

-Actividades que garantan a motivación como é o proxecto do centro: contos de película organizado dende a biblioteca e a nivel de centro no que integramos diversas áreas, principalmente as linguas galega e castelá e as ciencias naturais e sociais e educación plástica e visual.

- Tarefas onde se traballe de xeito cooperativo: organizaranse actividades que propicien o traballo en grupo de xeito cooperativo. Levarase a cabo dinámicas para favorecer a cohesión de grupo, introduciremos ao alumnado no desenvolvemento de técnicas de aprendizaxe cooperativo (lapis ó centro, cabezas numeradas, 1, 2, 4, folio xiratorio... adaptadas á situación actual a final de curso, procuraremos introducir a estrutura cooperativa grupo de expertos e expertas).

-Integraremos ás familias no proceso de ensino e aprendizaxe. Por exemplo: traendo á aula elementos significativos das distintas estacións do ano, a liña do tempo, árbore xenealóxica...

-Tarefas multiniveis que se adecuen ás distintas características do alumnado co fin de acadar o obxectivo do máximo desenvolvemento das capacidades de cada un e cada unha.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima (un mesmo, casa, cole, sociedade). Preténdese ir do coñecido ao descoñecido e do concreto ao abstracto.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais para atender aos distintos estilos de aprendizaxe e para dar respostas ás necesidades sociais acordadas co século no que estamos a vivir e a desenvolvernos. A escola debe preparar para a vida.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas. Na asemblea diariamente se falará do tempo atmosférico, as estacións do ano e faremos unha gráfica que recolla o tempo ao longo do curso.

-Garantiremos a implicación do alumnado na súa aprendizaxe mediante a emoción (partindo dos coñecementos previos, dos xa mencionados centros de interese, da aprendizaxe-servizo limpando o bosque do centro). Este é un precepto indispensable da neuroeducación, polo que a emoción e a motivación son dous ingredientes principais para unha aprendizaxe real e significativa.

- A introdución nos mapas mentais e esquemas serán tamén importantes nesta materia.

Atendendo a estas concrecións metodolóxicas, faise evidente a procura constante do centro cara a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe.

Os agrupamentos que empregaremos durante o curso escolar son os seguintes:

-Traballo Individual: no que os nenos/as reflexionen e practiquen, de forma personalizada, os diversos contidos traballados (para detectar dificultades) e o traballo autónomo en xeral: lecturas individualizadas, expresión escrita, exposicións orais...

-Grupo Clase: empregárase para os debates na aula, as explicacións dos contidos a tratar, a asemblea, as postas en común...

-Grupo Pequeno: utilizarase para o desenvolvemento de experiencias e proxectos. Os grupos serán flexibles e estarán formados por tres e catro alumnos/-as. O obxectivo deste tipo de agrupamento é favorecer o traballo cooperativo, fomentar a aprendizaxe significativa e facilitar a introdución de conceptos de especial dificultade.

Organización dos espazos:

Para levar a cabo a metodoloxía, faremos uso de diferentes espazos do Centro:

- Espazos propios do grupo: aula (con zonas diferenciadas de traballo: asemblea, xogos, lectura, traballo individual...)

- Espazos compartidos polo alumnado:

Biblioteca.

Ximnasio.

Pistas polideportivas e patios de recreo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. RECURSOS PERSOAIS
2. RECURSOS MATERIAIS
4. RECURSOS TECNOLÓXICOS
5. RECURSOS ESPACIAIS

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas...), plastilina e outras pastas para modelar, material de laboratorio (probetas, tubos de ensaio, placas petri...), globos, alambres, cordeis, pintura.

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, impresora, cámara de fotos, gravadora...

**RECURSOS DIXITAIS:** aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, liveworksheet, globo terráqueo, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe, google, un planetario...

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, aula de convivencia, praia da contorna próxima, así como os diversos espazos da contorna..

Empregaremos unha variedade significativa de recursos didácticos coa finalidade de ofertarlle ao noso alumnado un

amplo abano de posibilidades para as súas aprendizaxes. Intentaremos motivar e implicar ao alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, xa que procuraremos que os recursos empregados posibiliten a súa aprendizaxe. As ferramentas e materiais novedosos funcionan como eixe motivador na aprendizaxe do alumnado.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O proceso de avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras sesións do curso. Teremos en conta a situación académica de cada alumno e alumna, en relación ao formato para presentar as actividades, xa que moitos dos nenos e nenas da clase non teñen unha capacidade lectora que lles permita realizar de xeito autónomo certas actividades. Nesta avaliación inicial, o obxectivo primordial é comprobar os coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que posúe o noso alumnado sobre a área de Ciencias Sociais.

Para obter dita información, podemos empregar distintos tipos de instrumentos de recollida de información: test obxectivos, traballos individuais e/ou grupais, actividades na aula virtual...

A partires da información recollida e da interpretación da mesma, poderemos adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe ás características do grupo-clase, poñendo especial énfase na detección de problemáticas e na posta en marcha das medidas de atención á diversidade necesarias.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado, o equipo docente reunirse na reunión da avaliación inicial para poñer en común as conclusións e dar unha resposta o máis personalizada e adecuada posible.

Esta avaliación pretende ser unha ferramenta de diagnóstico do punto de partida do alumnado (especialmente relevante por tratarse de nenas e nenos procedentes de diferentes colexios) e de detección de necesidades.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>14</b>	<b>8</b>	<b>13</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	50	0	0	0	0	30	30	<b>15</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	50	100	100	100	100	70	70	<b>85</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes o grao de adquisición das competencias, o logro dos obxectivos da etapa e os criterios de avaliación. No caso de alumnado con adaptación curricular, os referentes serán os incluídos na devandita adaptación.

No tocante á calificación dos trimestres, a nota extraerese da media ponderada obtida entre as calificacións das Unidades didácticas que compoñen o trimestre. Para calificar cada Unidade didáctica, utilizaremos diferentes táboas de indicadores. Para cubrilas, empregaremos instrumentos de avaliación como portfolios, traballos en grupo, individuais, realización de experimentos, de proxectos...

No caso de obter un número decimal aplicaremos a seguinte equivalencia coas décimas:

\* 1,2,3,4 décimas: o número enteiro quedaría como está (por exemplo: 6,3=6).

\* 5,6,7,8,9 décimas: ao número enteiro se lle engade 1 unidade (por exemplo: 6,6=7)

As probas escritas estarán complementadas pola observación e o traballo en clase. Pero considérase importante que o alumnado se enfrente a unha ficha silenciosa, onde poida organizar os seus coñecementos e plasmarlos nunha folla ou de xeito oral, non debemos esquecer que no primeiro trimestre aínda hai nenos e nenas que non teñen adquirida a lectoescritura.

A nota final, ao tratarse dunha avaliación continua, será a obtida no terceiro trimestre.

### **Criterios de recuperación:**

De acordo co artigo 20 da Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, así como a orde de 25 de xaneiro de 2022, a avaliación durante a etapa de Educación Primaria será continua e global, tendo en conta o proceso de aprendizaxe. Feito polo cal, aprobando avaliacións posteriores recupéranse avaliacións anteriores, de ser o caso.

Por outra banda, se nalgún momento se obtén unha calificación negativa, poñerase en marcha un programa de reforzo individualizado para ese alumno en cuestión, como medida ordinaria de atención á diversidade de acordo co Plan Xeral de Atención á Diversidade elaborado polo Departamento de Orientación. Dentro das medidas empregadas inclúense o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

Atendendo ao principio da avaliación continua os mecanismos de reforzo poñeranse en marcha tan pronto como as necesidades sexan detectadas para evitar afectar á esfera emocional e para que as dificultades non se agraven. Igualmente, debemos atender ás necesidades do alumnado que demanda un afondamento nos contidos curriculares, enriquecendo o currículo a partir dos seus centros de interese.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade en igualdade de condicións e garantindo as mesmas oportunidades.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo pola situación na que se atopan e entendendo que a educación é un compensador de necesidades. Non obstante, non podemos esquecer que o que guiará a nosa práctica e o máximo desenvolvemento de cada un e de cada unha, independentemente das súas características.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtiva na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo (esencial neste primeiro curso da etapa), o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.</li> </ul>

### Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Picasso	17

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes da vida e obra de Picasso.		
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Identifica e sitúa no mapa algunhas cidades importantes na vida de Picasso.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Le e comprende frases relacionadas coa vida de Picasso.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na elaboración dun mural.	TI	100
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Memoriza e recita fragmentos de poemas moi sinxelos relacionados coas obras de Picasso.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións propias e alleas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece e lembra algúns datos relevantes das obras do pintor traballadas na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega estratexias para descubrir palabras relacionadas con Pablo Picasso mediante xogos e/ou xeroglíficos.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as obras dos demais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Completa descrições de cadros de Picasso coas palabras aprendidas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa e colabora cunha actitude positiva na realización da sinatura do artista.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas audicións e cos vídeos relacionados coa vida e obra de Picasso.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respecta e interésase polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo.</li> <li>- Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos.</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.</li> </ul>

## Contidos

- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía axil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
  - Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
  - Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
  - Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
  - Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
  - Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
  - Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
  - Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
  - Séguese a traballar con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.
- Dada a casuística da materia no tocante á cantidade de sesións desta -1 sesión semanal- o número total destas por curso adoita ser unhas 35.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital

Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Altosfalantes
Pinceis e témperas
Ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Diferentes tipos de follas secas
Cartolinas e distintos tipos de papel.
Estoxo

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Conta cunha pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

Cando o material se esgota hai unha zona situada na planta baixa, onde está todo o material de plástico (pinceis, cartolinas, folios de cores, tixeiras, rotuladores, ceras, moldes, etc).

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste: estoxo.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha serie de probas co fin de coñecer o punto de partida; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras de infantil do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Esta avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras 3 ou 4 sesións, para poder establecer uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral, e de cada alumna/o en particular. Neste eido cómpre ter en conta:

-alumnado do centro

-alumnado de nova incorporación, do cal só hai referencias previas dos informes individualizados

Dita proba neste centro consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade. Ademais, rexistraranse aspectos como a capacidade de recepción, comportamento, actitude, etc.

Realizarase unha reunión co persoal titor de Educación Infantil para comentar os aspectos máis salientables a ter en conta do alumnado (comportamento, actitude...).

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>20</b>	<b>30</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	<b>100</b>

### Cráterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 100%

-2º trim.: UD2 100%

-3º trim.: UD3 60% + UD4 40%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 30%

-2º trim. 30%

-3º trim. 40%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

-se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

-se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

### Cráterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto tería lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. Neste centro, de ser este o caso, o procedemento será o seguinte:

-Comunicación disto á familia (e paralelamente á persoa docente titora). A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade bidimensional ou tridimensional relacionados coas UD do Trimestre.

-Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

Se este/s mínimo/s de consecución non fose/n acadado/s trimestralmente isto poderá ser recuperado de cara á avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

-Se se trata de algo máis ben específico (por ex.: un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira quincena de xuño.

-Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex.: coñecementos ou cuestións técnicas artísticas plásticas e audiovisuais) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre darase isto por superado. Téñase en conta que por un lado, na UD3 do 3º trimestre recóllense a meirande parte dos contidos e CA das UD1 e UD2, así como a UD4 trabállase en todos os trimestres, dotando así dunha dimensión práctica e operativa a indiosincrasia desta materia no que á avaliación continúa se refire.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

-Actividades programadas para todo o grupo.

-Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.

-Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

-Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan

rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

No caso de alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso seguiranse as indicacións establecidas no artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 (de atención á diversidade) en relación ao preceptivo plan específico de reforzo, que ten como obxectivo atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición.

Tamén se farán adaptacións curriculares significativas para aquel alumnado que presente necesidades educativas especiais onde se reducen e simplifican actividades mostrando a forma máis sinxela de facelas.

No caso de alumnado con altas capacidades ampliáranse os seus coñecementos debido á súa rápida aprendizaxe.

Alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua: neste centro danse moitos casos de incorporación de alumnado que accede ao centro unha vez iniciado ou xa moi avanzado o curso. Levarase a cabo a valoración polo Departamento de Orientación para determinar o nivel curricular. Establecerase Reforzo Educativo e traballarase na comunicación facendo moito máis fincapé a través de imaxes.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

#### Observacións:

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6, 8 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída ó patio para recoller follas de árbores de folia caduca	Recoller distintos tipos de follas de árbores para realizar a actividade de frottage.	X		
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Expoñer nun lugar do centro as obras realizadas na aula ao longo dos tres trimestres.	X	X	X
Decoración de corredores	Decorar os corredores do centro seguindo a temática das festividades reflectidas no calendario escolar.	X	X	X
Saída á Fundación Manolo Paz	No 3º trimestre farase unha saída á Fundación do artistas cambadés Manolo Paz.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Máis do 80% do alumnado superou a materia.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familias no traballo do alumnado.

### Descrición:



En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre, e incluíranse, entre outras, unha pregunta de escala na que este valore a facilidade coa que comprendeu as instrucións dadas, así como outra/s relacionada/s sobre a adecuación do deseño das UD en base ás súas necesidades.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen eiquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua castelá e literatura	1º Pri.	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	31
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	32
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	33
6. Medidas de atención á diversidade	34
7.1. Concreción dos elementos transversais	35
7.2. Actividades complementarias	36
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	39

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

Esta programación didáctica está pensada para levarse a cabo dende a área de lingua castelá e literatura nun centro público de educación infantil e primaria, o CEIP Enrique Barreiro Piñeiro, situado nunha zona rural chamada Vilariño.

A ensinanza de lingua castelá e literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística do alumnado. Asemade, a aprendizaxe desta área non pode concibirse como a mera transmisión e recepción de contidos disciplinares, senón que debe entenderse como un proceso en construción e baseado na reflexión e na análise acompañada, cuxo fin último é formar persoas capaces de comunicarse de maneira eficaz.

Con respecto ás características psicoevolutivas dos nenos e nenas a esta idade, o pensamento lóxico posee un maior desenvolvemento que na etapa da educación infantil, pero o alumnado non chega a poñerse no lugar do compañeiro/a. O vocabulario empregado cada vez é máis extenso e a intelixencia organízase e consolídase. O alumnado que entra en educación primaria ten adquirida a expresión e comprensión oral sendo nesta etapa onde se produce a adquisición da lectoescritura.

Tamén, a atención á diversidade debe estar presente en todas as accións, medidas e decisións metodolóxicas no ámbito da lingua para potenciar a inclusión, xa desde as idades máis novas, e para dar resposta ás diferentes características e necesidades, motivacións, intereses, ritmos e situacións sociais e culturais do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da área agrúpanse en seis bloques temáticos:

Bloque 1: A lingua e os seus falantes.

Bloque 2: Comunicación oral.

Bloque 3: Comunicación escrita.

Bloque 4: Alfabetización mediática e informacional.

Bloque 5: Educación literaria.

Bloque 6: Reflexións sobre a lingua e os seus usos.

Esta programación dirixe a 21 alumnos/as: 7 de nova incorporación e 14 das aulas de EI do centro.

A lingua predominante no centro e na contorna é o galego, si ben é certo, que nos últimos anos está trocando esa maioría cara unha porcentaxe máis equilibrada. Na aula de primeiro obsérvase a predominancia da lingua castelá.

Os mestres/-as que imos traballar na aula somos os que a continuación se relacionan:

- M<sup>ra</sup> Cruz Alfonso: titora, imparte as áreas de Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias Naturais e Arts en lingua inglesa.

- Rocío Ramos: mestra especialista en PT.

- Cibrán Carballas : mestre especialista en Educación Física, impartirá tamén a área de Ciencias Sociais.

- María de los Ángeles Ramos: Música e especialista en matemáticas. Método OAOA.

- Jose Antonio Aragunde: Lingua inglesa.

- Carmen Fernández: Relixión.

- Alberto Pereiras: Proxecto competencial.

- Pamela Trelles: mestra de Audición e Linguaxe.

Logo da revisión dos informes do curso anterior e coordinación coas titoras de EI do centro, das que procede case que o total do alumnado obsérvase que:

- Presumiblemente é un grupo que acada un bo desenvolvemento ao finalizar a etapa de EI agás cinco nenos con unha maior lentitude no proceso de adquisición da lectoescritura.

É alumnado cunha baixa tolerancia a frustración e cuxos tempos de atención e concentración son moi curtos.

No eido académico hai moitas diferenzas, o que obriga a traballar por estacións. Aspecto no que se incidirá máis adiante.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lengua se presenta	Expresión oral: presentación dun mesmo e dun compañeiro ou compañeira. Consensuamos as normas da clase. Xustificación de opinións. Atención ao volume e á velocidade. Comprensión oral: comprensión do conto "los enanitos en verano". Comprensión lectora: comprensión ilustracións dun conto. Interpretamos unha viñeta dun cómic. Vocabulario: a escola. As descripcións. Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das vogais e consoantes m, s, l. Orientación na pauta. Gramática: as maiúsculas. Literatura: presentación de contos tradicionais.	10	16	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Lengua en el magosto	<p>Expresión oral: conversamos sobre o magosto. Expresión de ideas persoais sobre o outono.</p> <p>Comprensión lectora: Interpretación do título e as imaxes que ilustran o conto. Lectura comprensiva de palabras (asociadas a imaxes). Lectura comprensiva dun cómic.</p> <p>Expresión escrita: elaboración dun cómic.</p> <p>Vocabulario: as linguas utilizadas na nosa contorna.</p> <p>Letoescritura: discriminación visual e auditiva: s, t, d, n.</p> <p>Gramática: As máisculas nos nomes propios. O punto final.</p> <p>Literatura: Refráns.</p>	12	16	X		
3	Lengua en navidad!	<p>Expresión oral: Expresamos os nosos gustos e preferencias sobre os xoguetes dende unha perspectiva de xénero e de consumo responsable. Descrición oral da personaxe dun conto.</p> <p>Comprensión oral: o conto "los enanitos en invierno".</p> <p>Expresión escrita: elaboración de notas e listas.</p> <p>Comprensión lectora: identificación personaxes dun conto navideño. O Apalpador.</p> <p>Vocabulario: as festas tradicionais.</p> <p>Letoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes: f, h, b. Seguimos introducindo minúsculas.</p> <p>Gramática: as palabras e as sílabas.</p> <p>Oracións.</p> <p>Literatura: as lendas.</p>	12	16	X		
4	Lengua transforma el mundo.	<p>Expresión oral: narración oral de contos. A guerra e a paz: expresamos ideas sobre a orixe das guerras.</p> <p>Comprensión oral: vídeo que sensibilice sobre a importancia da paz do mundo.</p> <p>Expresión escrita: decálogo de convivencia. Mural da paz.</p> <p>Comprensión lectora: interpretación de normas. Lectura comprensiva dun anuncio.</p> <p>Vocabulario: a convivencia</p> <p>Discriminación visual: c, qu, r, rr.</p> <p>Gramática: os artigos.</p> <p>Literatura: as fábulas.</p>	12	18		X	
5	Lengua se disfraza.	<p>Expresión oral: manifestamos sentimentos de alegría e diversión ante situacións lúdicas, disfrazarse, maquillarse...</p> <p>Expresión escrita: escritura de palabras, oracións e textos teatrais breves.</p> <p>Comprensión lectora: lectura comprensiva e dramatización dun conto. Lectura</p>	13	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Lengua se disfraz.	<p>comprensiva de adiviñas. Lectura de símbolos.</p> <p>Vocabulario: o entroido.</p> <p>Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes z/c, g/qu.</p> <p>Gramática: o nome.</p> <p>Literatura: o teatro.</p>	13	18		X	
6	Lengua va a la biblioteca del cole.	<p>Expresión oral: intercambiamos opinións sobre a importancia dos libros na nosa vida. Entoamos na lectura da poesía. Resume dun libro.</p> <p>Expresión escrita: escribimos unha poesía que manifieste o gusto pola literatura.</p> <p>Comprensión oral multimodal: escoitamos a lectura dun poema en diversos formatos para garantir unha competencia lingüística acorde coas necesidades deste século.</p> <p>Comprensión lectora: palabras que riman.</p> <p>Lectura comprensiva dunha poesía.</p> <p>Vocabulario: os sinónimos</p> <p>Lectoescritura: discriminación visual e auditiva das consoantes ñ, j, ll, y.</p> <p>Gramática: xénero masculino e feminino.</p> <p>Literatura: a poesía.</p>	13	18		X	
7	Lengua verde y comprometida.	<p>Expresión oral: debatimos sobre a importancia e os beneficios da reciclaxe. Debate sobre a contaminación.</p> <p>Comprensión oral: visualización dun vídeo que conciencie sobre a importancia do coidado do planeta. Extraemos ideas principais do mesmo.</p> <p>Expresión escrita: decálogo de boas prácticas para o coidado do medio.</p> <p>Comprensión lectora: identificación da idea principal dun texto. Lemos os obxectivos do desenvolvemento sostible da Axenda 2030.</p> <p>Vocabulario: os antónimos.</p> <p>Lectoescritura: discriminación visual e auditiva de ch, x, k, w.</p> <p>Gramática: o adxectivo.</p> <p>Literatura: os textos informativos.</p>	14	18			X
8	Lengua se va de vacaciones.	<p>Expresión oral: a descripción de lugares representados en ilustracións. Expresamos as nosas ideas sobre as vacacións de verán.</p> <p>Comprensión oral: escoitamos o conto "los enanitos en verano" e extraemos ideas principais e secundarias.</p> <p>Comprensión lectora: anuncios publicitarios.</p> <p>Expresión escrita: elaboración dun anuncio publicitario.</p> <p>Vocabulario: os aumentativos e os diminutivos.</p> <p>Lectoescritura; discriminación visual e</p>	14	20			X



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Lengua se va de vacaciones.	auditiva das sílabas trabadas Gramática: o verbo. Presente, pasado e futuro. Literatura: adiviñanzas e trabalinguas.	14	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lengua se presenta	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora e respecta as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa e vai introducindo a linguaxe inclusiva e non discriminatória.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Amplia o seu vocabulario básico a partir das experiencias da aula.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai prediccións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula.		
CA5.3 - Apreciar o valor de textos literarios sinxelos (contos, lendas, fábulas, relatos) en calquera lingua como fonte de lecer e gozo persoal.	Disfruta e valora os diferentes tipos de contos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA5.7 - Interpretar textos e obras variadas da literatura infantil adecuadas ao nivel e intereses (contos, lendas e adiviñas), recoñecéndolas como fonte de pracer e inspiración para a creación de textos de intención literaria.	Disfruta e valora os diferentes tipos de contos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.</li> <li>- Estratexias básicas para adquisición de habilidades en procesos de comprensión de textos sinxelos.</li> <li>- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.</li> <li>- Inicio no coñecemento básico respecto á organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro e na creación dunha biblioteca propia e persoal.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Adquisición progresiva da lectoescritura.</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.</li> <li>- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.</li> <li>- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.</li> </ul>

**Contidos**

- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.

UD	Título da UD	Duración
2	Lengua en el magosto	16

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer, de maneira acompañada e en contextos próximos, algúns prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais moi frecuentes, a partir da observación da contorna.	Valora a riqueza lingüística da lingua.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece persoas que falan galego a maiores do cole: persoal sanitario, veciños, familiares.		
CA1.5 - Usar unha linguaxe respectuosa coas diferenzas persoais, culturais e coa perspectiva de xénero.	Participa nas conversas cunha linguaxe respectuosa.		
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario básico a partir das experiencias e situacións de aula.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos..		
CA2.4 - Reproducir textos orais sinxelos e próximos aos seus gustos e intereses.	Reproduce un pequeno refrán con axuda visual de imaxes.		
CA2.6 - Participar en interaccións orais espontáneas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente e incorporando estratexias elementais de escoita activa.	Respecta o turno de palabra e escoita con atención.		
CA2.8 - Mobilizar, coa planificación e acompañamento necesarios, estratexias elementais para a escoita activa e o consenso, iniciándose na xestión dialogada de conflitos.	Atende nas intervencións dos demais sen interromper.		
CA3.2 - Desenvolver estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.	Fai predicións sobre o tema principal a partir do título e ilustracións dun texto.		
CA3.6 - Adquirir o hábito lector e o gusto pola lectura a través da lectura de textos axeitados ao nivel.	Aproveita os momentos de lecer para recrearse na lectura dos libros da biblioteca de aula.		
CA3.8 - Coñecer, de forma xeral e acompañada, a organización e funcionamento das bibliotecas de aula e de centro, amosando interese por formar unha pequena biblioteca propia.	Coida, conserva e organiza os libros da biblioteca de aula		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.6 - escoitar e ler textos orais e escritos da literatura infantil, que recollan diversidade de autores e autoras, establecendo de maneira acompañada relacións elementais entre eles e con outras manifestacións artísticas e culturais.	Disfruta escoitando textos de diferentes autores e autoras.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Relaciona o aprendido nunha lingua con outra		
CA6.5 - Iniciar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	Emprega un vocabulario cada vez máis rico para elaborar os seus discursos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biografía lingüística persoal e da súa contorna.</li> <li>- Valoración da diversidade da lingua na súa contorna.</li> <li>- Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos e culturais a partir da observación da contorna.</li> <li>- A diversidade etno-cultural e lingüística no contexto escolar e familia.</li> <li>- Uso dunha linguaxe, verbal e non verbal, non discriminatoria, respectuosa coas diferenzas e coa perspectiva de xénero.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Interese pola ampliación de vocabulario básico.</li> <li>- Procesos: interacción oral</li> <li>- Estratexias para o recoñecemento e interpretación de forma acompañada da información xeral de textos sinxelos adecuados á idade.</li> <li>- Interacción oral adecuada en situacións de aula con respecto ás normas sociais, utilizando un vocabulario axeitado ao nivel e cunha secuencia coherente</li> <li>- Estratexias de escoita activa na resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> <li>- Estratexias para a comprensión lectora de textos axeitados ao nivel: título e ilustracións.</li> <li>- Procesos: comprensión lectora</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos que facilitan a comprensión antes, durante e despois da experiencia lectora.</li> <li>- Valoración da lectura de textos sinxelos como medio para ampliar o vocabulario, aplicando os coñecementos básicos das normas ortográficas.</li> <li>- Uso da biblioteca de aula ou do centro como recurso para a adquisición do hábito lector a través da lectura de textos axeitados ao nivel.</li> <li>- Procesos: produción escrita</li> <li>- Adquisición progresiva da lectoescritura.</li> <li>- Elementos gráficos e paratextuais sinxelos, como as ilustracións que facilitan a comprensión do texto.</li> </ul>

**Contidos**

- Iniciación das regras ortográficas básicas, con especial atención ao uso do punto e das maiúsculas.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Diferenzas elementais entre lingua oral e lingua escrita.
- Signos básicos de puntuación como mecanismo para organizar o texto escrito.
- Estratexias básicas de recoñecemento da intención comunicativa.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

UD	Título da UD	Duración
3	¡Lengua en navidad!	16

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Mostrar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais da súa contorna, incluída unha primeira aproximación ás linguas de signos, valorando a igualdade nas diferenzas.	Valora as dúas linguas como vehículo de transmisión das nosas ideas e emocións.	TI	100
- Coñecemento e lectura guiada de textos literarios sinxelos e de contos tradicionais como fonte de lecer e gozo persoal.
- Creación de breves relatos e contos infantís a partir de modelos básicos, cuidando a limpeza e a presentación.
- Relación dos textos lidos da literatura infantil con outras manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a interpretación acompañada e compartida de obras sinxelas a través de conversacións dirixidas.
- Recoñecemento da existencia de distintos tipos de palabras e enunciados e as relacións de concordancia entre elas, a partir da observación, comparación e transformación.
- Mecanismos básicos de cohesión e coherencia textual para producir textos escritos e multimodais sinxelos en distintos soportes, desde as diferentes etapas do proceso evolutivo da escritura, axustándose a modelos dados.
- Procedementos elementais de adquisición de vocabulario e relación de significado entre unhas palabras e outras.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se emprega baséase nunha aprendizaxe competencial, globalizadora e integradora, é dicir: un saber ser, saber dicir e saber facer, deixando de lado o tratamento descontextualizado de contidos. A transversalidade das linguas favorece e promove este enfoque pedagóxico. Igualmente, debemos transmitir a importancia das linguas na nosa vida. A linguaxe está presente dende antes de nacer e ata que morremos; dende que nos espertamos ata que nos acostamos, xa sexa no colexio, na rúa, nas conversas con amigas e amigos e ata nos nosos pensamentos e reflexións. É importante transmitir a importancia dunha competencia lingüística adecuada para o desenvolvemento integral da persoa.

Para alcanzar este obxectivo metodolóxico, levarase a cabo:

-A realización de proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e da súa contorna próxima, así como dos seus centros de interese, para fomentar a súa curiosidade e motivación e garantir unha aprendizaxe significativa e real. A vila na que se atopa o cole permitirá ampliar o vocabulario partindo da súa contorna: traballos, ferramentas e maquinaria do campo...

-Actividades nas que o alumnado aprenda de xeito activo: discriminación de letras, conciencia fonolóxica, bingo de palabras e fonemas, construción con letras móbiles, creación de contos orais, rimas e lendas...

-Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos. Trabállase directamente a través do proxecto anual do cole "O mundo nunha viaxe" onde se farán dramatizacións de contos populares, recomendacións de lecturas... Este proxecto é organizado dende a biblioteca e integra diversas áreas, principalmente a lingua galega e castelá e as ciencias naturais e sociais e educación plástica e visual.

- Diariamente farase unha asemblea onde todos os días se traballe a escoita activa, o respecto, a quenda de palabra. Haberá unha encargada ou encargado diario que guía a asemblea: di quen está e quen non, data, estación, tempo atmosférico, a palabra do día e o número do día. Tamén teremos un tempo de falar diariamente.

- Tarefas onde se traballe de xeito cooperativo: organizaranse actividades que propicien o traballo en grupo de xeito cooperativo. Levarase a cabo dinámicas para favorecer a cohesión de grupo, introduciremos ao alumnado no desenvolvemento de técnicas de aprendizaxe cooperativo (lapis ó centro, cabezas numeradas, 1, 2, 4, folio xiratorio...).

-Traballo por temáticas asociada ao momento do curso no que nos atopamos: samaín, magosto, outono, nadal...

-Integraremos ás familias no proceso de ensino e aprendizaxe. Por exemplo: traendo á aula elementos significativos

do outono e introducíndonos na lectoescritura destes elementos a través da manipulación.

-Tarefas multiniveis que se adecúen ás distintas características do alumnado co fin de acadar o obxectivo do máximo desenvolvemento das capacidades de cada un e cada unha.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente irán acompañadas de apoio visual con imaxes, vídeos e a elaboración de esquemas e mapas conceptuais para atender aos distintos estilos de aprendizaxe e para dar respostas ás necesidades sociais acordes co século no que estamos a vivir e a desenvolvernos. A escola debe preparar para a vida. E a comprensión multimodal é primordial hoxe en día.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables e comunicación destas buscas.

A manipulación é especialmente importante en primeiro de educación primaria na lectoescritura. O alumnado antes de coller o lapis, empregará plastilina, arroz, pan raiado para facer as letras e para interiorizar a direccionalidade das letras.

-Garantiremos a implicación do alumnado na súa aprendizaxe mediante a emoción (partindo dos coñecementos previos, dos xa mencionados centros de interese, da aprendizaxe-servizo facendo amadriñamentos e apadriñamentos lectores). Este é un precepto indispensable da neuroeducación, polo que a emoción e a motivación son dous ingredientes principais para unha aprendizaxe real e significativa.

Atendendo a estas concrecións metodolóxicas, faise evidente a procura constante do centro cara a autonomía do alumnado na súa aprendizaxe.

Os agrupamentos que empregaremos durante o curso escolar son os seguintes:

-Traballo Individual: no que os nenos/as reflexionen e practiquen, de forma personalizada, os diversos contidos traballados (para detectar dificultades) e o traballo autónomo en xeral: lecturas individualizadas, expresión escrita, exposicións orais...

-Grupo Clase: empregárase para os debates na aula, as explicacións dos contidos a tratar, a asemblea, as postas en común...

-Grupo Pequeno: utilizarase para o desenvolvemento de experiencias. Os grupos serán flexibles e estarán formados por tres e catro alumnos/-as. O obxectivo deste tipo de agrupamento é favorecer o traballo cooperativo, fomentar a aprendizaxe significativa e facilitar a introdución de conceptos de especial dificultade.

Organización dos espazos:

Para levar a cabo a metodoloxía, faremos uso de diferentes espazos do Centro:

- Espazos propios do grupo: aula (con zonas diferenciadas de traballo: asemblea, xogos, lectoescritura, traballo individual...)

- Espazos compartidos polo alumnado:

Biblioteca.

Ximnasio.

Pistas polideportivas e patios de recreo.

Comedor (para o traballo dos alimentos).

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais funxibles: folios, cartolinas, ceras, plastilina...
Manipulativos: que permitan experimentar, testar, probar, tocar, ulir, xogos, letras móbiles, letras imantadas, xogos de direccionalidade...
Material impreso: material de elaboración propia, material de reforzo e ampliación, contos, cómics, xornais, pasaporte lector
Recursos informáticos: ordenador de aula. Encerado dixital interactivo. Tabletas. Gravadora.
Libros da biblioteca de aula, de centro e aqueles que os nenos e nenas queiran traer das súas casas.



Recursos persoais: formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

Recursos dixitais: aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, aplicacións para introducir ao alumnado na linguaxe da programación segundo a súa idade (ScratchJr, Scratch, mblock ou makeblock...), kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Neste apartado farase referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

Para facer unha boa elección de materiais didácticos debemos ter en conta unha serie de criterios:

1. O material ten que ser atractivo tanto estéticamente como funcionalmente, ten que chamar a atención do neno ou nena, invitándoo a interactuar con el.
2. Os materiais deben de ser adecuados ao momento evolutivo do alumnado, adaptados as súas aptitudes, características e necesidades.
3. Que sexan asequibles e manipulables, que os nenos e nenas poidan utilizar o material de forma autónoma e independente.
4. Que potencie e favoreza a actividade motora, cognitiva, afectiva e social.
5. Que reúna as correspondentes normas de seguridade.
6. Que proporcione os estímulo correspondentes a súa elección.
7. Que non favoreza actitudes de discriminación de sexo nin belicistas.
8. Que posibilite ao alumnado todas as posibilidades de acción que este poida desenvolver.

É importante sinalar que unha vez averiguados os coñecementos previos do alumnado, é interesante ver un vídeo que resuma o que imos traballar ao longo da unidade didáctica (para atender ás demandas do cerebro segundo a neurodidáctica).

As letras presentaranse de diversas formas: vídeo, cancións, poemas da letra a traballar, os contos de Tamara Chubarovsky... despois o alumnado as representará con plastilina, traballamos adireccionalidade con pan raiado e tras manipular con esa letra, pasamos ao seu trazado. Especial atención ao alumnado con baixo tono muscular que aínda non ten a forza adecuada para soste un lapis e escribir.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realízase durante o mes de setembro. Lévese a cabo por parte do equipo docente que traballa co grupo co asesoramento do departamento de orientación. Será pasada a todo o alumnado de nivel, coa intención de determinar o punto de partida da nosa labor docente.

A partir da avaliación inicial e da información obtida das familias decidiranse os axustes oportunos na programación de aula, e tomaranse as medidas ordinarias ou extraordinarias que resulten oportunas para cada alumno.

A avaliación inicial se fai a partir de:

- Probas específicas, principalmente nas competencias lingüística, matemática e de aprender a aprender (estas probas serán gardadas e nos servirán para comprobar a posterior evolución do alumnado). Neste primeiro curso da etapa é de suma relevancia coñecer o grao de adquisición das catro habilidades lingüísticas básicas e do cálculo e concepto de número. Especial interese na situación do meu grupo, onde se atopa alumnado procedente de tres coles diferentes.

- Análise dos informes do curso pasado e reunión cos titores do curso pasado (cando é posible).

A partir desta análise, o equipo de mestres se xuntará nunha reunión de avaliación inicial na que se decidirán as medidas a tomar en cada caso de ser necesario.

No caso de que se leven a cabo medidas de atención á diversidade, se informará ás familias e se solicitará a autorización pertinente.

Avaliaremos aspectos como: a expresión oral e o vocabulario (exprésase oralmente con claridade, emprega un vocabulario axeitado a súa idade...), lectura e comprensión lectora (identifica palabras escritas significativas e usuais, relaciona imaxe e texto, asocia grafías maiúsculas e minúsculas...), escritura (realiza correctamente os trazos propostos, copia palabras e oracións breves...).

O resultado obtido nesta avaliación inicial servirá de punto de partida para o desenvolvemento da programación, facendo fincapé naqueles aspectos nos que o alumnado presente carencias.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>14</b>	<b>14</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación da aprendizaxe do alumnado non pode axustarse a un só momento dado, senón que debe ser global e sistemática. O seu obxectivo non pode ser outro que o valorar o progreso alcanzado no desenvolvemento das competencias e no grao de coñecementos adquiridos.

Ademais de global, tamén será continua e formativa. Ao longo do curso comprobarase o logro dos obxectivos propostos mediante os seguintes criterios de cualificación:

- Actividades e tarefas sobre os contidos traballados na aula 40% :
  - Responder axeitadamente, tanto de forma oral coma escrita, ao que se lle pregunta demostrando dominio na materia (30%).
  - Escribe respectando regras ortográficas e gramaticais (5%).
  - Ter unha caligrafía lexible (5%)
- Actividades de lectura ( rexistros de lectura e comprensión) 20% :
  - Le coa velocidade e entoación axeitada a súa idade, respectando os signos de puntuación (10%),
  - Aмосa unha boa comprensión lectora, axeitada a súa idade. (10%)
- Actividades de expresión e creación 20% :
  - Exprésase cunha linguaxe oral correcta (vocabulario, comprensión da oración (10%).
  - Realiza traballos de forma creativa e orixinal e razoa as estratexias a seguir na creación dos mesmos (10%)
- Traballo en equipo 10% (actitude e participación activa)
- Traballo en clase: 10% (autonomía e presentación das actividades)

### Criterios de recuperación:

Cando unha alumna ou alumno non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

- a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.
- b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno-a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.
- c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno demostre que supera ditos contidos.
- d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.
- e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:
- f) O nivel de coñecementos.
- g) O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas.

Igualmente, ao longo de todas as unidades didácticas, estaremos especialmente atentas ao alumnado que non evoluciona como debería para poder deseñar situacións de aprendizaxe que reforcen os contidos da unidade. Isto lévase a cabo no recuncho de lectoescritura onde haberá actividades doutras unidades apelando ao enfoque global e continuo das linguas.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade en igualdade de condicións e garantindo as mesmas oportunidades.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo pola situación na que se atopan e entendendo que a educación é un compensador de necesidades. Non obstante, non podemos esquecer que o que guiará a nosa práctica e o máximo desenvolvemento de cada un e de cada unha, independentemente das súas características.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo (esencial neste primeiro curso da etapa), o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Para dar unha resposta adecuada ao noso alumnado de 1º de Educación Primaria, atenderemos á normativa que regula a atención á diversidade de Galicia: o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia e a Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o mencionado decreto. Igualmente, atenderemos ás distintas orientacións que se reflicten nos diversos protocolos que a Xunta pon á nosa disposición.

As medidas de atención á diversidade establécense unha vez feito o diagnóstico a través da avaliación inicial. Ao ser o primeiro curso da etapa e ao haber alumnado procedente de tres escolas diferentes, faise necesario un estudo pormenorizado das características e estilos de aprendizaxe de cada un/unha para garantir a continuidade na mesma. Para isto, durante as primeiras semanas de setembro revisáronse os informes do alumnado novo en aula procedente doutros centros, tivéronse reunións coas familias e fíxose unha análise detallada do grao de adquisición da competencia lingüística de cada alumno e alumna do grupo.

Pola súa parte, a mestra de Audición e Linguaxe levou a cabo a avaliación inicial para comprobar a necesidade de continuar cos apoios que xa recibía o alumnado e para detectar novas necesidades. A partir destes datos formará os grupos de alumnado de 1º que sexan precisos para traballar aqueles aspectos relacionados coa linguaxe que requiran unha intervención específica.

Unha vez feita a avaliación inicial e analizados os resultados co equipo docente, debemos adaptarnos á heteroxeneidade da aula e aos ritmos de aprendizaxe de todo o noso alumnado. Algunhas das medidas que xa se puxeron en marcha son as seguintes:

- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Salientan as actividades multinivel para adecuarnos aos distintos niveis do alumnado. Isto é unha realidade na aula xa que hai alumnado que ten adquirida a lectoescritura e outros non. A aquel alumnado que demande a introdución das minúsculas, proporcionaráselle textos en minúsculas e as súas producións escritas serán tamén con minúsculas. Ao longo de todo o curso, a información presentarase en distintos formatos e soportes, priorizarase a presentación de contidos e vocabulario de xeito visual.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. Aquel alumnado que non ten a adquirida a expresión escrita, terá apoio individualizado da mestra, e permitiráselle responder de xeito oral para compensar as diferenzas.
- Reforzo individualizado da titora e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (dentro de aula).
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

Entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade que se levan a cabo na nosa aula temos o apoio das especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapeuta.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Educación para a saúde incluída a saúde afetivo-sexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X		X			X
ET.7 - Educación emocional e de valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Atención á orientación educativa, á acción tutorial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X	X	X

### Observacións:

De xeito transversal, traballaremos a maior parte dos valores presentados, nas distintas unidades didácticas. A través da lectoescritura que se traballa en todas as unidades traballamos o valor 1: sendo a linguaxe a principal fonte de acceso ao coñecemento.

A través da linguaxe inclusiva e non discriminatoria traballamos os valores 2, 3, 4 e o 5. Todos os días faise unha asemblea que nos permite recoller datos relevantes (por ser unha conversación espontánea) sobre o uso da linguaxe inclusiva e non perpetuadora de roles de xénero como pode ser a atribución dun oficio por xénero. Igualmente, porase en relevancia as mulleres escritoras ao longo da historia reflexionando sobre os factores limitantes que interviron e que siguen a intervir no noso día a día.

O consumo responsable e o desenvolvemento sostible trabállase de xeito transversal e levase a práctica empregando folios reutilizables, empregando dispositivos dixitais e a través dunha cultura de aforro e concienciación (ecopatrullas, recreos residuos cero, compostaxe...).

O valor 8 trabállase en todas as unidades porque a titoría é unha das funcións principais das titoras e faise necesario para garantir o benestar académico, social e emocional do noso alumnado.

A través do traballo cooperativo traballamos o valor 9 e o 10.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, Día Universal da infancia, Día da declaración universal dos dereitos humanos, Día escolar da no violencia e a paz, Día de Rosalía de Castro, Día universal da Muller, Semana da prensa, semana do libro, Día internacional contra o acoso escolar e Día mundial da saúde.	X	X	X
Saídas culturais	Asistencia a unha obra de teatro establecendo no alumnado a curiosidade e o interese por este xénero literario; o museo do pobo, visita para coñecer os oficios máis representativos da vila.		X	X
Visitas de persoas expertas	Dende unha visión emprendedora e da cultura do esforzo, virán visitarnos veciñas, veciños e alumnado antigo relacionado coa literatura para contarnos as súas experiencias.	X	X	X
Obradoiros	Obradoiros de escritura creativa, de lectoescritura.	X	X	X
Participación no programa Radio na Biblio	Para mellorar a competencia lingüística, a oralidade e garantir a motivación do alumnado, empregárase este programa para que o alumnado conte anécdotas, adviñanzas, lendas galegas, trabalinguas, entrevistas, etc.	X	X	X
Amadriñamentos e apadriñamentos lectores	Esta actividade, que se realiza na hora de ler, ten como obxectivo fomentar o hábito lector e mellorar a convivencia do centro. Son os e as máis pequenas quen len aos alumnos e alumnas de 6º.	X	X	
Talleres interciclo	Todo o alumnado irá rotando polos distintos talleres que faremos no cole as dúas últimas sesións dos venres, relacionados con diferentes temáticas: horta, robótica, impresión 3d, bricolaxe, cociña, legos...etc	X	X	X

### Observacións:

Resulta fundamental a planificación de actividades complementarias para consolidar os contidos traballados ao longo do curso.

O feito de realizar actividades fora do entorno habitual de aprendizaxe ou mesmo con outras persoas implicadas, resulta moi motivante para o alumnado e serve de catalizador para a consolidación destas aprendizaxes.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre o equipo docente.
Coherencia entre os elementos curriculares e as tarefas deseñadas
Actividades de reforzo e ampliación que permita ao alumnado recuperar contidos non afianzados e afondar en función das capacidades, garantindo o dereito do máximo desenvolvemento das potencialidades de cada unha e cada un.
Metodoloxía empregada
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considérase a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe, propostas de aprendizaxe colaborativa.
Estilo de ensinanza e rol da mestra
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Procedementos de avaliación, sendo esta accesible por todo o grupo. Isto é: adecuada as competencias lingüísticas de cada nena e cada neno. As diferencias nas formas de avaliación (oral fronte a escrita) son resultado das diferenzas en lectoescritura.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.
Deseñáronse situacións de aprendizaxe que garanten a participación das familias no proceso de ensino e aprendizaxe.

### **Descrición:**

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada: multinivel, innovadora, activa e vivencial, que parta do seu entorno máis próximo.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

#### **ESCALA DE VALORACIÓN:**

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítese elementos fundamentais do indicador
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

Dende a acción activa e continua do proceso educativo faise necesaria unha reflexión ou avaliación sobre a programación, mediante indicadores de logro que permiten coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos, a adecuación dos contidos, da metodoloxía e das actividades e dos recursos, a temporalización... Por isto, ao rematar cada unidade didáctica cubrirei unha rúbrica e/ou listas de control. Esta rúbrica estará complementada pola avaliación que os nenos e nenas fagan de min. Esta información parase a unha diana de autoavaliación, para ter unha información significativa, clara e fiable das miñas dificultades e fortalezas. Tamén é interesante aproveitar momentos co alumnado para facer entrevistas semiestruturadas onde se investigue sobre as expectativas, o benestar e a integración do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase e a programación semanal para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
- Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
- Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

A avaliación e reflexión convertese nesta programación no principal proceso de mellora, xa que nos permite obter información sobre contidos que non foron interiorizados, lecturas que non resultaron motivadoras, actividades cun exceso ou falta de complexidade.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua Estranxeira - Inglés	1º Pri.	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	17
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	24
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	26
9. Outros apartados	26

## 1. Introducción

A presente Programación Didáctica está enmarcada no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e, o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro aos preceptos recollidos na mesma.

Nese senso, esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción no Decreto de Lingua Estranxeira. Recolle a área de Lingua Inglesa en 1º de Primaria partindo dun estadio moi elemental da lingua estranxeira, polo que baseará a aprendizaxe nos repertorios e experiencias do alumnado, facilitando a súa participación en actos de comunicación sinxelos: práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación lingüística.

Preséntanse as concrecións de cada curso, máis redáctase de forma unificada xa que os proxectos a desenvolver implican a colaboración entre diferentes niveis e o compartimento dos mesmos principios metodolóxicos. En canto a distribución do currículo trata de ser unha programación de carácter aberto e flexible, para poder introducir así as modificacións que se consideren necesarias. Adaptarase, en todo momento, á diversidade que presenta o alumnado co fin de ofrecer propostas educativas significativas.

Para contribuír ao seu logro, e en relación ao referente Decreto, a proposta concrétese en nove UD's como guía, repartidas trimestralmente, nas que se traballarán os bloques establecidos no Decreto a través de proxectos, explotación de lecturas, unidades de vocabulario, cancións e vídeos. Non se trata dunha programación completa nin pechada. As UD's están apenas esbozadas, simplemente para dar idea de posibilidades dentro do marco da lexislación.

A lingua predominante neste centro, e na contorna, é o galego, aínda que nos últimos anos estase a observar un notable aumento da lingua castelá. Está situado na parroquia de Vilariño, pertencente ao concello de Cambados. É de titularidade pública de liña 1. Conta con 9 unidades, 6 de EP e 3 de EI. O grupo de 1º, en concreto, ten cun total de 21 alumn@s que tomaron contacto coa Lingua Inglesa na súa etapa anterior de Infantil.

Os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos se orientan á consecución final do obxectivo, previa aplicación dos CA correspondentes. Os contidos marcados son abordables en todas as unidades didácticas, aplicando os criterios de avaliación, marcados trimestralmente, para chegar ao remate do curso cos obxectivos conseguidos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás.	2-3	1-2	1	1	5			2
OBX2 - Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.	1	1-2	1	2	5		1	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3	1-3	
OBX4 - Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-4-5		3	
OBX6 - Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais.	5	3			1-3	2-3		1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Back to school.	Vocabulario e expresións de uso habitual na aula e obxectos de uso escolar; xogos de interacción do alumnado entre si e da mestra co alumnado: role plays, memory game con tarxectas de imaxes, dominós de imaxes, paseos polo colexio, interior e exterior; xogos interactivos en formato dixital. Practicar a pronunciación /p/. Rotular obxectos de uso. A volta ao colexio. Estructuras: "It's a _____"; "Can I have this _____ please? Yes, of course"; " Thank you; "Put in the _____"; "I _____ at school. Do you _____ at school.?" "Yes, I do/No. I don't". Canción: "Good bye, Tiger".	10	7	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	The Gingerbread.	Vocabulario e expresións relacionados coas partes do corpo así coma o relacionado co outono e Actividades no exterior: paseos pola contorna, recollida de materiais da natureza e elaboración na aula dun mural. Identificar os sentidos. A pronunciación do son de nose. Estructuras: "I've got ____"; "This is the ____"; "This is my ____"; "I ____ with my ____"; "We play ____". Canción:s "The body chant". Storytelling e dramatización.	10	7	X		
3	Tiger is Lost.	Vocabulario sobre os membros da familia e or diferentes tipos de familias. Practicar o son /g/. Realizar pequenas árbores xenealóxicas con fotos da casa. Celebración do Día da Paz. Estructuras: "Have you got? Yes, I have/No, I haven't"; "This family is ____"; "Who's this? This is my ____"; "I live with ____". Cancións: "For mother we say Mum" e relacionadas coa Paz.	10	7		X	
4	Dinner Time.	Vocabulario relacionado cos alimentos e as comidas. Identificar números do 11 ao 20. Elaborar lista de alimentos para preparar unha comida. Traer recetas de cociña. Relacionar procedencia dos alimentos. .: "I live/like/don't like ____"; "Do you like ____?" Yes, I do/No, I don't"; "Put ____ in the omelette"; "____ are ____; ____ are from ____"; "____ is ____ . ____ is from ____". Practicar son de sound. Canción: "The food rhyme".	10	6		X	
5	The Sore Paw.	Vocabulario relacionado cos animais. Explorar habilidades de como nos movemos?. Practicar o son /m/. Identificar animais polo son. Estructuras: "I've got a sore"; Can you help me, please No, sorry. I can't. Yes, of course I can"; "I can ____ . I can't ____"; "A ____ can ____"; "Can you ____?" Yes, I can. No, I can't"; "I can see a ____ . It's ____". Canción: "The elephant says Goodbye".	10	7			X
6	The Missing Skateboard.	Vocabulario relacionado cos animais. Explorar habilidades de como nos movemos?. Practicar o son /m/. Identificar animais polo son. Estructuras: "I've got a sore"; Can you help me, please No, sorry. I can't. Yes, of course I can"; "I can ____ . I can't ____"; "A ____ can ____"; "Can you ____?" Yes, I can. No, I can't"; "I can see a ____ . It's ____" Canción: "The elephant says Goodbye".	10	5			X
7	Halloween!	Vocabulario relacionado co Halloween. Celebracións tradicionais neste tempo coa comparación entre culturas:	15	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Halloween!	Halloween/Samaín e Magosto e na elaboración de materiais e actividades propostas polo centro. Cancións: "It's Halloween" e outras.	15	11	X		
8	Chritsmas.	Vocabulario relacionado co Nadal. Participación na elaboración de materiais e actividades propostas polo centro. Cancións: "A Christmas Bell" e outras.	15	10	X		
9	Easter.	Vocabulario relacionado con esta celebración: Canción: "The easter egg chant".	10	10		X	

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Back to school.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprega vocabulario da UD.</li> <li>- Repite palabras co fonema /p/.</li> <li>- Participa en xogos dados.</li> <li>- Manexa estruturas: "It's a ..." "Can I have this... please? Yes, of course" " Thank you" "Put in the..." "I... at school. Do you... at school?" "Yes, I do/No. I don't"</li> <li>- Completa fichas.</li> <li>- Sigue a canción.</li> </ul>	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Usa normas de cortesía traballadas.</li> <li>- Expresa pequenas mensaxes co vocabulario e expresións dadas na unidade.</li> <li>- Responde a cuestións básicas formuladas: Día que é, tempo que fai, xente que falta, como me sinto hoxe...</li> </ul>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse</li> </ul>

## Contidos

- Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás.
- Expresar o tempo :días da semana.
- Identificar algunhas características básicas de obxectos e lugares.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado

UD	Título da UD	Duración
2	The Gingerbread.	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1.1. - Recoñecer palabras habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	- Escoita e entende pequenas informacións proporcionadas co vocabulario ou expresións traballadas. - Memoriza e repite breves fórmulas orais. - Expresa, de xeito sinxelo, o seu estado de ánimo.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	- Emprega vocabulario da UD. - Repite palabras co fonema /p/. - Participa en xogos dados. - Manexa estruturas: "I've got..." "This is the..." "This is my..." "... with my..." "We play...". - Completa fichas. - Sigue a canción.		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	- Usa normas de cortesía traballadas. - Expresa pequenas mensaxes co vocabulario e expresións dadas na unidade. - Responde a cuestións básicas formuladas: Día que é, tempo que fai, xente que falta, como me sinto hoxe...		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	- Relaciona palabras ou expresións do idioma galego, castelán e inglés.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuizos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	- Identifica, amosando interese e respecto, outras culturas e xeitos de vida.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	- Aprecia interese e gañas de aprender a fala inglesa.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.		Baleiro	0

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Expresar o tempo :días da semana.</li> <li>- Identificar algunhas características básicas de obxectos e lugares.</li> <li>- Expresar o tempo : os meses .</li> <li>- Expresar o tempo :estacións do ano.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Tiger is Lost.	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	- Formula mensaxes curtos manexando as orientacións dadas ou empregando soportes guiados ou virtuais.	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	- Participa en situacións comunicativas provocadas sobre situacións facilitadas para a súa expresión. - Amosa respecto polas intervencións alleas.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	- Colabora na interpretación de pequenas dificultades presentadas axudándose ou axudando a outr@s compañeir@s.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	- Aplica os coñecementos e destrezas básicas sobre o uso do inglés en situacións dadas mellorando a capacidade de aprender.		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	- Identifica, amosando interese e respecto, outras culturas e xeitos de vida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Dinner Time.	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escoita e entende pequenas informacións proporcionadas co vocabulario ou expresións traballadas.</li> <li>- Memoriza e repite breves fórmulas orais.</li> <li>- Expresa, de xeito sinxelo, o seu estado de ánimo.</li> </ul>	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprega vocabulario da UD.</li> <li>- Repite palabras son de /sound/.</li> <li>- Participa en xogos dados.</li> <li>- Manexa estruturas: "I live/like/don't like..." "Do you like...?" "Yes, I do/No, I don't" "Put... in the omelette" "... are..." "... re from..." "... is..."</li> <li>- Completa fichas.</li> <li>- Sigue a canción.</li> </ul>		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participa en situacións comunicativas provocadas sobre situacións facilitadas para a súa expresión.</li> <li>- Amosa respecto polas intervencións alleas.</li> </ul>		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiás e habituais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica, amosando interese e respecto, outras culturas e xeitos de vida.</li> </ul>		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprecia interese e gañas de aprender a fala inglesa.</li> </ul>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Expresar o tempo :días da semana.</li> <li>- Expresar o tempo : os meses .</li> <li>- Expresar o tempo :estacións do ano.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a vivenda.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> <li>- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	The Sore Paw.	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	- Formula mensaxes curtos manexando as orientacións dadas ou empregando soportes guiados ou virtuais.	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	- Participa en situacións comunicativas provocadas sobre situacións facilitadas para a súa expresión. - Aмосa respecto polas intervencións alleas.		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	- Colabora na interpretación de pequenas dificultades presentadas axudándose ou axudando a outr@s compañeir@s.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a vivenda.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	The Missing Skateboard.	5

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiás e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escoita e entende pequenas informacións proporcionadas co vocabulario ou expresións traballadas.</li> <li>- Memoriza e repite breves fórmulas orais.</li> <li>- Expresa, de xeito sinxelo, o seu estado de ánimo.</li> </ul>	TI	100
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiás, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participa en situacións comunicativas provocadas sobre situacións facilitadas para a súa expresión.</li> <li>- Amosa respecto polas intervencións alleas.</li> </ul>		
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Usa normas de cortesía traballadas.</li> <li>- Expresa pequenas mensaxes co vocabulario e expresións dadas na unidade.</li> <li>- Responde a cuestións básicas formuladas: Día que é, tempo que fai, xente que falta, como me sinto hoxe...</li> </ul>		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aprecia interese e gañas de aprender a fala inglesa.</li> </ul>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Expresar o tempo :días da semana.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Halloween!	11

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emprega vocabulario relacionado co Halloween/Samaín e Magosto.</li> <li>- Elabora materiais e participa en actividades propostas polo centro..</li> <li>- Participa en xogos dados.</li> <li>- Completa fichas.</li> <li>- Sigue as cancións propostas.</li> </ul>	TI	100
CA1.5 - Seleccionar e utilizar, sempre de forma guiada e en contornas próximas, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes simples e breves; e formular e contestar preguntas básicas para a comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Usa normas de cortesía traballadas.</li> <li>- Expresa pequenas mensaxes co vocabulario e expresións dadas na unidade.</li> <li>- Responde a cuestións básicas formuladas: Día que é, tempo que fai, xente que falta, como me sinto hoxe...</li> </ul>		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colabora na interpretación de pequenas dificultades presentadas axudándose ou axudando a outr@s compañeir@s.</li> </ul>		
CA2.1 - Comparar e contrastar similitudes e diferenzas evidentes entre distintas linguas de forma guiada, reflexionando sobre aspectos elementais do seu funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Relaciona palabras ou expresións do idioma galego, castelán e inglés.</li> </ul>		

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	- Aplica os coñecementos e destrezas básicas sobre o uso do inglés en situacións dadas mellorando a capacidade de aprender.		
CA2.3 - Identificar e explicar de maneira guiada progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.	- Decátase das dificultades e dos progresos no uso do inglés.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Identificar algunhas características básicas de animais.</li> <li>- Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiás.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a vivenda.</li> <li>- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.</li> <li>- Convencións e estratexias de conversación elementais, para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e preguntar e responder.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.</li> <li>- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.</li> <li>- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).</li> <li>- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Chrismas.	10

<b>Craterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escoita e entende pequenas informacións proporcionadas co vocabulario ou expresións traballadas.</li> <li>- Memoriza e repite breves fórmulas orais.</li> <li>- Expresa, de xeito sinxelo, o seu estado de ánimo.</li> </ul>	TI	100
CA1.3 - Aplicar estratexias básicas para producir mensaxes moi breves e sinxelos adecuados ás intencións comunicativas de forma guiada, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Formula mensaxes curtos manexando as orientacións dadas ou empregando soportes guiados ou virtuais.</li> </ul>		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Participa en situacións comunicativas provocadas sobre situacións facilitadas para a súa expresión.</li> <li>- Amosa respecto polas intervencións alleas.</li> </ul>		
CA1.6 - Interpretar e explicar de forma guiada información básica axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas e polos interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Colabora na interpretación de pequenas dificultades presentadas axudándose ou axudando a outr@s compañeir@s.</li> </ul>		
CA3.1 - Mostrar interese pola comunicación intercultural, identificando e analizando, de forma guiada, as discriminacións, os prexuízos e os estereotipos máis comúns, en situacións cotiáns e habituais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identifica, amosando interese e respecto, outras culturas e xeitos de vida.</li> </ul>		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas</li> <li>- Léxico básico elemental relativo a vivenda.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais elementais para a comprensión e produción oral e multimodal.</li> <li>- Estratexias elementais para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.</li> <li>- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiáns básicas.</li> <li>- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.</li> </ul>

Contidos
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
9	Easter.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar palabras e expresións habituais en textos orais e multimodais breves e sinxelos sobre temas actuais, cotiáns e frecuentes de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, expresados de forma comprensible, clara, sinxela e directa, e en lingua estándar.	- escoita e entende pequenas informacións proporcionadas co vocabulario ou expresións traballadas. - Memoriza e repite breves fórmulas orais. - Expresa, de xeito sinxelo, o seu estado de ánimo.	TI	100
CA1.2 - Expresar oralmente frases curtas e sinxelas con información básica sobre asuntos cotiáns e de relevancia para o alumnado, utilizando de forma guiada recursos verbais e non verbais, recorrendo a modelos e estruturas previamente presentados e prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	- Emprega vocabulario da UD. - Participa en xogos dados. - Manexa estruturas da UD. - Completa fichas. - Sigue a canción.		
CA1.4 - Imitar e participar de forma guiada en situacións interactivas elementais sobre temas cotiáns, preparadas previamente, a través de diversos soportes, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía cara ás producións das e dos demais.	- Participa en situacións comunicativas provocadas sobre situacións facilitadas para a súa expresión. - Amosa respecto polas intervencións alleas.		
CA2.2 - Identificar e aplicar de forma moi guiada os coñecementos e estratexias básicas de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	- Aplica os coñecementos e destrezas básicas sobre o uso do inglés en situacións dadas mellorando a capacidade de aprender.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística e cultural relacionada coa lingua estranxeira, mostrando interese por coñecer os seus elementos culturais e lingüísticos elementais.	- Aprecia interese e gañas de aprender a fala inglesa.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; identificar algunhas características básicas de persoas, obxectos e lugares; responder con respostas sinxelas e concretas sobre cuestións cotiáns; expresar o tempo (partes do día, días da semana, os meses e estacións do ano), a cantidade e o espazo en conceptos que manexan na lingua materna.</li> <li>- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse</li> </ul>



## Contidos

- Expresar o tempo :días da semana.
- Identificar algunhas características básicas de obxectos e lugares.
- Expresar o tempo : os meses .
- Expresar o tempo :estacións do ano.
- Léxico básico elemental relativo a relacións persoais básicas, vivenda, lugares e contornos próximos de interese para o alumnado.
- Léxico básico elemental relativo a lugares e contornos próximos de interese para o alumnado
- Iniciación a patróns elementais sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.
- Modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais e multimodais, breves e sinxelos.
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número, afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de compensación das carencias comunicativas e das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio (xestos, mímica...).
- Estratexias elementais para identificar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, patróns sonoros) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, á vida cotiá e ás relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias moi básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Neste apartado remitímonos, en primeira instancia, ás liñas de actuación reflectidas no currículo que se levarán a cabo ao longo de todo o curso.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, desenvolver a totalidade dos contidos curriculares ao igual cos elementos transversais e os obxectivos de etapa. Están orientadas para a consecución dos CA establecidos ou aos mínimos de consecución correspondentes así como para a adquisición progresiva dos CC relativos ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

En cada sesión, con independencia do traballo específico a tratar nela, establécense rutinas para brindarlle ao alumnado o seguinte:

- Automatización en cuestións básicas ao longo do curso axudándolles a aportar seguridade e autoconfianza.
- Fomento dun maior impacto no logro dos descritores a acadar, redundando nun maior goce nas actividades máis lúdicas.
- Aclimatación dende o comezo da sesión como enfoque preparativo da mesma a través de relaxación, atención e concentración logrando, paralelamente, o emprego do silencio e da recepción activa para calquera actividade da sesión.

A tal fin, esta rutina adicará alomenos dez minutos ao inicio da sesión a lembrar o traballado con anterioridade noutras sesións mediante preguntas, cancións ou medios que se consideren convintes.

A nivel xeral, teranse en conta as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto aula de inglés partindo das aprendizaxes previas do grupo, empregando estratexias de aprendizaxe horizontal cooperativa que fomenten as interaccións, atendendo así mellor á diversidade ao igual que as estratexias da autoaprendizaxe... Buscarase un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR,

seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información na vida cotiá, desenvolver xogos... Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo... Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado proporcionando unha atención individualizada que prevenga dificultades de aprendizaxe e posta en práctica de mecanismos de reforzo... Identificación persoa-lingua, para que o alumnado asocie mestra/e coa lingua que ensina... Presencia do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades elemento necesario e fundamental: xogos de tarxectas, xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta; xogos lingüísticos: mimo, priorizando a linguaxe corporal, ou calquera outro; uso da radio escolar: emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes, realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares... Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos, xogos interactivos online, videoclips de cancións...

En canto ao grupamento do alumnado adaptarémonos ás circunstancias do momento: gran grupo, pequenos grupos, parellas... Comezaremos, tras os saúdos pertinentes e pequenas oracións- rutinas orais, cantando ou escoitando as cancións na PDI e cantando co obxectivo de repasar as estruturas aprendidas en sesións introducindo a nova estrutura utilizando a técnica do TOTAL PHYSICAL RESPONSE... Logo faremos actividades de reading and writing.

As actividades como os listenings ou as explicacións xerais se farán en gran grupo; os roleplays en parellas ou pequenos grupos estables; as actividades de writing e reading en grupos xa establecidos para fomentar a colaboración e integración do alumnado e, finalmente, trabállarase de maneira individualizada co alumnado NEAE. O rol d@ mestra/e na aula, será o de facilitar, orientar e integrar coñecementos.

A metodoloxía a seguir será o Communicative Approach xurdido, dándolle especial importancia á expresión, tanto oral como escrita, para que o alumnado desenvolva a súa competencia lingüística. Favoreceremos a interacción oral entre o alumnado utilizando diferentes actividades como os role-plays, communicative-games, following instructions and TPR (Total Physical Response) activities.

O traballo desenvolverase de forma globalizada, en colaboración con titores, por medio da creación dalgunha UDI e baseado no ABP (Aprendizaxe Baseado en Proxectos), con actividades conxuntas integrando as materia de Lingua Galega e Lingua Castelá no contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

Dispoñemos no colexio dun supermercado, Realia, con todo tipo de útiles para levar a cabo os role-plays en inglés. Por outra banda, tamén nos sirve para os writing facendo as etiquetas dos produtos en inglés.

Realizaremos xogos e exercicios orais para asentar os contidos.

Por último:

-Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.

-Asentar e afianzar así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. Encerado dixital interactivo -Smart board e Webs:
2. Vídeos de plataformas coma Vimeo, Vevo e YouTube:
3. Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola:
4. Actividades DUA:
5. Historias e contos publicados na rede.
6. Rimas e cancións:
7. Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar:

8. Libro de texto:
9. Páxinas web de xogos online:
10. Xogos de mesa:
11. Posters e murais:
12. Ferramentas dixitais de elaboración de materiais:
13. Xogos físicos:
14. Libros de lectura:
15. Material impreso:

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do alumnado, levarase a cabo unha proba co fin de coñecer o punto de partida real deste curso e a información deste ampliado polo equipo docente do curso anterior.

Esta avaliación inicial terá carácter de diagnose para coñecer o nivel competencial: pronunciación, escoita e comprensión oral e fluidez na expresión oral (adaptada ao seu nivel) e calquera outro aspecto que nos permita valorar o punto de partida de cada quen a partires do deseño de diferentes probas basadas nos contidos mínimos do curso anterior, recollendo evidencias de todo tipo. As probas orais e escritas realizaranse empregando como modelo as respectivas guías de texto. A observación directa complementará ditas probas. A información quedará rexistrada nas correspondentes táboas de valoración que medirán os avances do alumnado. As medidas a adoptar serán a realización de diferentes actividades de reforzo relacionadas cos mínimos do curso anterior.

A partires dos datos obtidos trataranse co DO ou alomenos comunicaranse a través da titorías aquelas medidas que xa se pode realizar ou realizará a persoa docente na aula.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

#### Criterios de cualificación:

Criterios de cualificación:

A meirande parte doa CA da presente UD serán avaliados por probas orais/escritas sendo o resto avaliados por diferentes tipos de táboas de indicadores, fundamentalmente, escalas de valoración/rúbricas para corrección de traballos ou rexistro de pautas de observación.

Os procedementos de avaliación empregados serán:

- A observación sistemática.
- A análise das producións d@s alumn@s.
- As probas específicas.
- Os intercambios orais cos/as alumn@s.

A información será recollida nos seguintes instrumentos de avaliación:

- Escala de observación.
- Diario de aula.
- Rúbricas.
- Fichas de rexistro: táboas indicadoras.

A nota trimestral no tocante ao que as UD se refire vai ser:

- 1º trimestre: UD1, UD2, UD7 e UD8 (100%)
- 2º trimestre: UD3, UD4 e UD9 (100%)
- 3º trimestre: UD 5 e UD6 (100%)

O 100% da nota de avaliación final obterase do xeito seguinte:

- 1º trimestre: 32%
- 2º trimestre: 34%
- 3º trimestre: 34%

Cando a calificación obtida, tanto trimestralmente como final fora un resultado con decimais, por defecto, aplicarase:

- Se o decimal está entre 0 e 49, o nº da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- Se o decimal está entre 50 e 99, o nº da nota enteira redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Con carácter xeral, para a construción da nota de cada CA teremos en conta o seguinte:

- Valoración dos contidos, competencias adquiridas ou traballadas mediante probas específicas: 50 %
- Realización do traballo na clase: desenvolvemento axeitado de tarefas e actividades, presentación do caderno, fichas, portafolios, participación amosada nos proxectos...: 40 %
- Realización da autoavaliación: iniciativas, suxerencias e preguntas ao docente que amosan reflexión e autonomía: 10%

A avaliación será realizada en tres momentos:

1ª Ao comezar farase unha avaliación inicial como función diagnóstica, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión axeitada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

2ª Ó longo do curso, como función formativa, farase a avaliación continua revisando o nivel de consecución dos estándares marcados na programación e analizando datos de toda índole (procedementos utilizados, metodoloxía, reforzos necesarios...) a través de tres sesións de avaliación, unha por cada trimestre.

3ª A avaliación final, ao rematar o curso, en que valorará o grao de consecución dos CA, tendo en conta os indicadores de logro. Aquí a información acumulada anteriormente axudará a tomar decisións sobre a promoción do alumnado, os cambios que serán necesarios introducir no proceso educativo, a orientación á familia...

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ao final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Isto terá lugar cara a segunda semana de decembro, marzo e xuño, respectivamente. De ser o caso o procedemento sería:

- Comunicación disto á familia (e, paralelamente, á persoa docente mediante correo electrónico) ou a través do Abalar. Nesta especificarase aquel/es mínimos de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponde a tal fin (e, preferentemente, sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente PD como repetición dun traballo, parte dunha proba escrita...
- Ademais, de especial importancia e interese resultará trasladar esta información ao alumnado, de xeito individual explicándolle nunha folla o que precisa realizar para alcanzar os mínimos de consecución explicándollo verbalmente e resolvendo dúbidas ao respecto.

Se estes mínimos non foran acadados trimestralmente poderanse recuperar de cara a avaliación final. De ser así cómpre diferenciar entre dous aspectos:

- Se se trata de algo máis ben específico (por ex. un traballo a entregar) seguirá o mesmo procedemento referido anteriormente e terá lugar durante a primeira semana de xuño.
- Se se trata dun aspecto de adquisición meramente progresivo (por ex. capacidade de información) que non foi quen de superar anteriormente pero si no último trimestre, darase isto por superado.

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso. Iremos establecendo procedementos a seguir para que o alumnado que non avanza ao ritmo da maioría do grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. Apoios e reforzos educativos axeitados ás necesidades educativas de quen o precise.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Dado que cada quen aprende a súa forma e ao seu ritmo, realizaremos actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado con ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para o alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos/actividades adicionais para o alumnado que remate antes as tarefas individuais/grupais de clase.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por presentar trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade XTDAH, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

O marco habitual para o tratamento do alumnado con dificultades de aprendizaxe, ou con insuficiente nivel curricular en relación co do curso que lle correspondería por idade, é aquel no que se asegure un enfoque multidisciplinar, asegurándose a coordinación de todos os membros do equipo docente que atenda ao alumno ou alumna e do equipo de orientación educativa. As medidas deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten ditas necesidades e deberán contemplar a inclusión escolar e social do alumnado e, en ningún caso, discriminación que lle impida alcanzar os obxectivos da etapa. Facilitaranse reforzos educativos oportunos ou adaptacións curriculares significativas, de ser o caso.

As medidas de atención á diversidade irán encamiñadas a:

- Unha atención educativa diferente á ordinaria.
- Avaliacións adaptadas ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- A inclusión escolar e social.
- Unha forma máis temperá posible de diagnóstico.
- Atención ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Atención ao alumnado que se incorpore de forma tardía ao sistema educativo, medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación.

As medidas de atención á diversidade poderán ser tanto organizativas (agrupamentos, horarios..) como curriculares (adaptacións significativas e non significativas), e permitirán unha organización flexible das ensinanzas e dos

recursos humanos e materiais.

No caso de alumnado de altas capacidades ampliaranse os seus coñecementos debido a súa rápida aprendizaxe.

No caso de alumnado con Trastorno por déficit de atención e hiperactividade, terase en conta se o diagnóstico e dun TDAH con predominio inatento, hiperactivo ou combinado. Estableceranse unha serie de medidas que, sen supoñer unha adaptación curricular, lles faciliten demostrar o aprendido. Deste xeito se facilita a avaliación dos coñecementos, capacidades e competencias do alumnado e non as súas dificultades para afrontar unha situación de exame. Entre as posibles medidas estarían:

- Manter unha orde, unha rutina e unha previsión. Establecer normas claras, argumentadas e consistentes.
- Situar ao alumno na primeira ou primeiras filas.
- Dirixirse a el con ordes precisas, simples e breves asegurándose de que entendeu a mensaxe.
- Axudarlle a organizarse.
- Establecer rutinas, ensinalle a supervisar o seu propio traballo. Fragmentar os traballos longos.
- Pode alternarse o traballo de pupitre con outra actividade que lle permita levantarse e moverse un pouco.
- Formularlle preguntas durante a exposición para permitirle expresarse.
- Nos exames: preguntas cortas e enunciados directos, incluír preguntas que impliquen respostas breves, espazo suficiente para responder, reducir o número de preguntas por folia e adaptar o tempo preciso para realizalo, etc.
- Aplicar correccións unicamente cando sexan necesarios.
- Traballar os aspectos emocionais (recoñecemento e expresión de emocións), a autonomía e a seguridade en si mesmo.
- Animarlle reforzándolle os logros. Premiar o esforzo e as condutas positivas, expresar os seus logros en público. Eloxar condutas concretas.
- Evitar a expresión pública das súas limitacións ou carencias.

No caso de alumnado con discapacidades sensoriais, medidas que lles faciliten demostrar o aprendido. Deste xeito se facilita a avaliación dos coñecementos, capacidades e competencias do alumnado e non as súas dificultades para afrontar unha situación de exame. Terán o apoio necesario de especialistas dentro e/ou fóra da aula, se fora necesario.

No caso de alumnado con TEA (trastorno de espectro autista), medidas que teñan en conta as súas dificultades na comunicación, na socialización e na aprendizaxe, e que lles faciliten demostrar o aprendido.

Deste xeito se facilita a avaliación dos coñecementos, capacidades e competencias do alumnado e non as súas dificultades para afrontar unha situación de exame.

Entre as posibles medidas estarían:

- Ensinarlle habilidades sociais.
- Evitar excesiva estimulación visual
- Manter unha orde, unha rutina e unha previsión. Establecer normas claras, argumentadas e consistentes.
- Situar ao alumno na primeira ou primeiras filas.
- Dirixirse a el con ordes precisas, simples e breves asegurándose de que entendeu a mensaxe.
- Axudarlle a organizarse.
- O apoio e asesoramento de especialistas.

No caso de alumnado con dificultades de aprendizaxe por Atraso no Desenvolvemento, adaptación curricular, se fose preciso, e apoio de especialista en pedagogía terapéutica e/ou de audición e linguaxe.

No caso do alumnado de altas capacidades intelectuais, flexibilizárase tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente. Como medida de resposta educativa adoptaranse medidas de Enriquecemento Curricular.

Entre as diferentes opcións cabe destacar o Programa de Enriquecemento Extracurricular, as ampliacións partindo das unidades didácticas programadas, a preparación de recunchos ou talleres de enriquecemento, a introdución de proxectos e novos contidos, os programas de desenvolvemento cognitivo, os programas de desenvolvemento creativo e os programas de desenvolvemento emocional.

No caso de alumnado procedente do estranxeiro, teranse en conta as súas circunstancias, os seus coñecementos, a súa idade e o seu historial académico e unha valoración polo DO. Quen presente un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. No caso de superar este desfase, incorporaranse ao curso correspondente á súa idade. Dependendo da casuística do alumnado cómpre ter en conta diferentes consideracións á hora de traballar tales como emprego de

grafías de maior tamaño, priorización dalgunha das linguaxes e/ou formas de comunicación oral/escrita/visual e/ou táctil. O centro prestará, se é preciso, o apoio necesario para superar o desfasamento no nivel de competencia curricular.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.			X		X			
ET.2 - Os dereitos da infancia.	X			X		X		X
ET.3 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos.		X					X	
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.			X			X		
ET.5 - Educación para a saúde.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Xestión da educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Aceptación da orientación sexual ou da identidade de xénero das persoas.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres.	
ET.2 - Os dereitos da infancia.	
ET.3 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

	UD 9
ET.4 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	
ET.5 - Educación para a saúde.	X
ET.6 - Comprensión lectora.	X
ET.7 - Expresión oral e escrita.	X
ET.8 - Comunicación audiovisual.	X
ET.9 - Competencia dixital.	X
ET.10 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento.	X
ET.11 - Xestión da educación emocional.	X
ET.12 - Aceptación da orientación sexual ou da identidade de xénero das persoas.	X

**Observacións:**

Hai elementos transversais que se traballarán en UD relacionadas a través das diferentes actividades que desenvolven os seus contidos. Outros, traballaranse de xito específico nas conmemoracións a tal fin.

**7.2. Actividades complementarias**

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas.	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.		X	
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....			X
Conmemoracións da escola.	Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, Maios, 8-M, Dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	X

**Observacións:**

Trataremos de investigar e coordinar co/coa titor/a do grupo, implementando o traballado no aula.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Facemos interesante e motivadora a materia que impartimos.
Estimulamos a implicación do alumnado.
Prestamos atención ás dúbidas que xurden escoitando con atención ao alumnado.
Indicamos e explicamos con claridade.
Damos ordes e normas para actuar.
Organizamos as tarefas e temos orde nos materiais.
Reforzamos as conductas positivas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Os agrupamentos do alumnado na clase adáptanse ás necesidades das tarefas.
O contorno da aula facilita a integración do todo o alumnado do grupo.
Medidas de atención á diversidade
A organización da aula favorece os distintos ritmos de aprendizaxe con certo nivel de autonomía.
A distribución dos tempos facilita o traballo para o alumnado con dificultades de aprendizaxe ou de altas capacidades.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Fomentamos actividades en grupo.
Evitamos conductas discriminantes de calquer tipo.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Outros

O centro dispón de recursos dabondo para o desenrolo do labor docente.

### Descrición:

As actividades complementarias nas linguas son as mesmas xa que a linguaxe vaise ver beneficiada sempre que esta se empregue.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Regulación da práctica docente: grao de seguimento do alumnado, validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes, os criterios de promoción están acordados entre o equipo docente.
Coherencia entre os elementos curriculares e as tarefas deseñadas así como unha adecuada progresión de contidos.
Procedementos de avaliación, sendo esta accesible por todo o grupo. Isto é: adecuada as competencias lingüísticas de cada nena e cada neno. As diferencias nas formas de avaliación (oral fronte a escrita) son resultado das diferenzas en lectoescritura.
Metodoloxía empregada
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos e accesibles para o alumnado.
Utilización dunha metodoloxía axeitada: tivéronse en conta aprendizaxes significativas, considerouse a interdisciplinabilidade, número e duración das actividades, nivel de dificultade, interés para o alumnado, significatividade para o proceso de aprendizaxe e propostas de aprendizaxe colaborativa.
Estilo de ensinanza e rol da mestra
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Actividades de reforzo e ampliación que permita ao alumnado recuperar contidos non afianzados e afondar en función das capacidades, garantindo o dereito do máximo desenvolvemento das potencialidades de cada unha e cada un..
Medidas de atención á diversidade
Utilización de medidas para a atención á diversidade: adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe, ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe, as medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes., aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Información á familia e ao alumnado do proceso de avaliación.
Deseñáronse situacións de aprendizaxe que garanten a participación das familias no proceso de ensino e aprendizaxe.

#### Descrición:

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada: multinivel, innovadora, activa e vivencial, que parta do seu entorno máis próximo.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

#### ESCALA DE VALORACIÓN:

- Inadecuado: escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial
- Insuficiente: omítese elementos fundamentais do indicador.
- Básico: cumprimento suficiente do indicador
- Competente: hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador.
- Excelente: prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas.

Dende a acción activa e continua do proceso educativo faise necesaria unha reflexión ou avaliación sobre a programación, mediante indicadores de logro que permiten coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos, a adecuación dos contidos, da metodoloxía e das actividades e dos recursos, a temporalización... Por isto, ao rematar cada unidade didáctica cubrirei unha rúbrica e/ou listas de control. Esta rúbrica estará complementada pola avaliación que os nenos e nenas fagan de min. Esta información parase a unha diana de autoavaliación, para ter unha información significativa, clara e fiable das miñas dificultades e fortalezas. Tamén é interesante aproveitar momentos co alumnado para facer entrevistas semiestruturadas onde se investigue sobre as expectativas, o benestar e a integración do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase e a programación semanal para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.
- Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
- Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
- O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.
- Realizarse un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Dispoñer de mecanismos de revisión e de mellora.
- Responder aos centros de interese do alumnado do grupo.
- Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.

A avaliación e reflexión convertese nesta programación no principal proceso de mellora, xa que nos permite obter información sobre contidos que non foron interiorizados, lecturas que non resultaron motivadoras, actividades cun exceso ou falta de complexidade.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Matemáticas	1º Pri.	5	175

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	25
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	30
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	31
9. Outros apartados	32

## 1. Introducción

O currículo vixente na área de matemáticas determina unha liña de traballo baseada na comprensión conceptual e dos procedementos a través da manipulación e a experimentación que será respectada e concretada nesta programación.

Foi elaborada polo profesorado que imparte este curso en función das liñas pedagóxicas do centro e dos criterios e das medidas adoptadas polo claustro de profesorado.

Propoñemos unha programación inclusiva que favoreza a autonomía do alumnado no traballo escolar, que consolide as aprendizaxes fundamentais nunha contorna cooperativa e integradora prestando especial atención á autonomía e o reforzo positivo.

A concepción das unidades que se presentan interconectan os diferentes sentidos matemáticos, de tal xeito que son abordados de forma progresiva e en espiral ao longo de todo o curso e etapa.

Número de alumnas e alumnos e distribución:

O nivel de 1º agrupará a 21 nenos e nenas: 10 nenas e 11 nenos

Análise dos resultados do curso anterior:

Todo o alumnado procede de Educación Infantil, non hai nenas ou nenas que non cursasen esta etapa educativa.

Analizando os items dos boletíns de cualificación que fan referencia á lóxica ou á matemática, a inmensa maioría presentan a cualificación "sen dificultade", se ben hai algún alumno e alumna que nalgún deles está "en proceso".

Nos informes finais de etapa faise mención ao nivel de adquisición da competencia matemática que corrobora o citado anteriormente en canto aos items.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar situacións da vida cotiá proporcionando unha representación matemática destas mediante conceptos, ferramentas e estratexias, para analizar a información máis relevante.			1-2-4	2	5		1-3	4
OBX2 - Resolver situacións problematizadas, aplicando diferentes técnicas, estratexias e formas de razoamento, para explorar distintas maneiras de proceder, obter solucións e asegurar a súa validez desde un punto de vista formal e en relación co contexto exposto.			1-2		4-5		3	
OBX3 - Explorar, formular e comprobar conxecturas sinxelas ou formular problemas de tipo matemático en situacións baseadas na vida cotiá, de forma guiada, recoñecendo o valor do razoamento e a argumentación, para contrastar a súa validez, adquirir e integrar novo coñecemento.	1		1-2	1-3-5			3	
OBX4 - Utilizar o pensamento computacional, organizando datos, descompoñendo en partes, recoñecendo patróns, xeneralizando e interpretando, modificando e creando algoritmos de forma guiada, para modelizar e automatizar situacións da vida cotiá.			1-2-3	1-3-5			3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Recoñecer e utilizar conexións entre as diferentes ideas matemáticas, así como identificar as matemáticas noutras áreas ou na vida cotiá, interrelacionando conceptos e procedementos, para interpretar situacións e contextos diversos.			1-3	3-5		4		1
OBX6 - Comunicar e representar, de forma individual e colectiva, conceptos, procedementos e resultados matemáticos, utilizando a linguaxe oral, escrito, gráfico, multimodal e a terminoloxía matemática apropiados, para dar significado e permanencia ás ideas matemáticas.	1-3		2-4	1-5			3	4
OBX7 - Desenvolver destrezas persoais que axuden a identificar e xestionar emocións ao enfrontarse a retos matemáticos, fomentando a confianza nas propias posibilidades, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe e adaptándose ás situacións de incerteza, para mellorar a perseveranza e gozar na aprendizaxe das matemáticas.			5		1-4-5		2-3	
OBX8 - Desenvolver destrezas sociais, recoñecendo e respectando as emocións, as experiencias das e dos demais e o valor da diversidade, participando activamente en equipos de traballo heteroxéneos, mixtos e diversos con roles asignados, para construír unha identidade positiva como estudante de matemáticas, fomentar o benestar persoal e crear relacións saudables.	5	3	3		1-3	2-3		

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	REGLETEANDO	Esta primeira proposta do curso é globalizada, permite establecer conexións coa vida cotiá e con outras áreas. Favorece o traballo cos diferentes sentidos matemáticos e evita abordar os contidos de forma illada e descontextualizada. Trátase dun enfoque intradisciplinar e integrador. O alumnado poderá traballar nas matemáticas combinando diversos recursos e onde as regletas serán a base principal de coñecemento. Os sentidos matemáticos	20	30	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	REGLETEANDO	con maior peso serán o numérico, socioemocional e estocástico. Farase a través do traballo en equipo, a expresión de actitudes positivas ante os retos matemáticos, a identificación de situacións problematizadas relacionadas con este ámbito, a resolución de problemas cotiás relacionados co reconto, a estimación de cantidades, a organización e análise de datos da vida diaria para representar manipulativa, gráfica e simbólicamente o resultado.	20	30	X		
2	EXPERIMENTANDO AS MATEMÁTICAS	Esta segunda proposta é multidisciplinar, permite establecer conexións con outras áreas. Ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece tamén o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (neste caso os sentidos con maior peso serán o sentido socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional) evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada e descontextualizada. Farase, usando recursos diversos, a través do traballo en equipo, recoñecendo as achegas de mulleres e homes no ámbito matemático, realizando conxecturas matemáticas simples e investigando patróns, propiedades e relacións, describindo pequenas rutinas e actividades, explicando ideas e procesos, identificando características mensurables dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto, ... e todo en relación actividades experimentais sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso.	15	30	X		
3	AS MATEMÁTICAS TAMÉN SE DISFRAZAN	Esta festa tradicional galega permite o enfoque globalizador. As matemáticas teñen múltiples posibilidades de traballo nesta proposta onde de novo poderemos facer un traballo intradisciplinar de conexión entre os diferentes sentidos. Os sentidos matemáticos que máis peso terán son o socioemocional, o da medida e o alxébrico e computacional, pero tamén o estocástico e o numérico poderán ter notable presenza. A participación respectuosa no traballo en equipo establecendo relacións baseadas no respecto e a igualdade, as tomas de decisión conxuntas, as medicións e estimacións de medidas relacionadas con receitas, patronaxes de disfraces, tempos	15	30		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	AS MATEMÁTICAS TAMÉN SE DISFRAZAN	das celebracións, datas... o uso dos principios básicos do pensamento computacional, as estratexias de cálculo, a resolución de problemas contextualizados, a organización e representación de datos, mesmo os procedentes da busca de información, a educación financeira... aparecerán interrelacionadas ao longo de toda a proposta.	15	30		X	
4	AS MATEMÁTICAS SON UNHA ARTE	Esta unidade ten un enfoque intra e interdisciplinar, pois favorece o traballo en conexión cos diferentes sentidos matemáticos (os sentidos con máis peso serán o socioemocional, o espacial e o alxébrico e computacional, mais o da medida e o numérico terán incidencia transversal ). A relación arte-matemáticas está moi documentada. A música, a pintura, a escultura, a danza, a arquitectura ou a moda amosan a influencia das matemáticas. A proposta contextualiza o traballo da aula e úneo ao cotiá evitando centrarse en contidos matemáticos de forma illada. A organización do traballo en equipo, o recoñecemento das contribucións de mulleres e homes neste eido, a investigación de patróns, propiedades e relacións de forma guiada, a busca de regularidades, a descrición de actividades que se realicen paso a paso, a identificación de situacións problemáticas relacionadas con simetrías e figuras cos seus elementos ou a relación coas medidas aparecerán tentando unirse ao sentido estético.	15	30		X	
5	AS MATEMÁTICAS FAN DEPORTE	Entender e empregar as matemáticas na vida diaria é a finalidade desta proposta. As relacións entre os sentidos e procesos matemáticos (intradisciplinariedade) e as relacións co deporte (interdisciplinariedade) convértena nunha unidade moi integrada na que o sentido espacial, o da medida, o estocástico, o numérico e o socioemocional teñen moita presenza. As competicións deportivas e os procesos de adestramento reciben achegas positivas e unha perspectiva diferente analizados dende as matemáticas. A xeometría dos recursos, materiais e elementos das actividades deportivas; a análise de estratexias e traxectorias; as estratexias de medidas; a recollida, clasificación e reconto de datos; a estimación de resultados e tempos; o uso da probabilidade e os pronósticos; o traballo e o respecto ás persoas; o manexo	15	30			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	AS MATEMÁTICAS FAN DEPORTE	de diversas situacións emocionais, as actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas serán algúns dos aspectos que se abordarán.	15	30			X
6	AS MATEMÁTICAS VAN DE EXCURSIÓN	Esta última proposta permitirá traballar de forma integrada todos os sentidos matemáticos nun contexto cotiá para o alumnado. Poderá deseñarse de múltiples formas: saída pola contorna, xincana pola vila, deseño de rutas con puntos de interese, excursión de fin de curso, viaxe en familia, as seleccións de equipaxe e medios de transporte, ou a planificación dunha axencia de viaxes. As conexións entre os coñecementos matemáticos amosan que o traballo pode inserirse nun campo integrado; abre posibilidades de relacións con outras áreas usando contextos reais que contribúen á funcionalidade e comprensión das aprendizaxes. A resolución de problemas, o fomento da argumentación e a comunicación, a representación espacial, a estimación de distancias e pesos, a medida de tempos e espazos, a educación financeira co cálculo orzamentario, o traballo en equipo, a organización e clasificación de datos e a perseveranza na busca de solucións serán algúns dos campos de traballo.	20	25			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	REGLETEANDO	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.	PE	30
CA1.5 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA1.7 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros	TI	70
CA1.2 - Comprender as preguntas expostas a través de diferentes estratexias ou ferramentas, recoñecendo a información contida en problemas da vida cotiá.	Identificar a información xeral contida en problemas da vida cotiá próxima ao alumnado.		
CA1.3 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos (regletas,..) ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA1.6 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA1.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA5.1 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA5.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA6.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable		
CA6.6 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cálculo</li> <li>- Estratexias de cálculo e reconto a partir da vivencia, manipulación e representación en situacións cotiás con cantidades ata o 99 con explicación dos procesos.</li> <li>- Cantidade</li> <li>- Estimación razoada de cantidades ata o 99 en problemas cotiás con estratexias variadas, descrición da idoneidade das solucións e aceptación do erro como parte do proceso de mellora.</li> <li>- Composición, descomposición e equivalencias entre os números dunha cifra para descubrir propiedades e relacións entre cantidades. Explicación do proceso.</li> <li>- Identificación, lectura, escritura e representación en recta numérica, ábaco, regras con obxectos cotiás de números naturais ata o 99.</li> </ul>



## Contidos

- Representación dunha mesma cantidade de distintas formas (manipulativa, gráfica ou numérica) e elección da representación adecuada para cada situación, reto ou problema da vida cotiá.
- Sentido das operacións.
- Estratexias de cálculo mental de sumas e restas con números naturais ata o 99 en contextos significativos, explicación oral das estratexias seguidas e valoración do erro como parte da aprendizaxe.
- Resolución de problemas da vida cotiá de forma individual e en equipo que impliquen a comprensión da utilidade das sumas e restas e o uso de forma guiada dos procesos adecuados.
- Procesos para a resolución de problemas: interpretación e representación da situación, determinación de datos útiles, hipóteses de resolución, contraste de puntos de vista, realización de operacións, verificación e idoneidade do resultado e explicitación do proceso seguido.
- Relacións
- Sistema de numeración de base dez para a súa aplicación na comprensión do valor posicional das cifras dos números (ata o 99) e a súa aplicación nas operacións de suma e resta.
- Comparación e ordenación de números cardinais (ata o 99) e ordinais (ata o 5º) como solución de problemas de situacións cotiás.
- Estratexias manipulativas e gráficas para relacionar as operacións de suma e resta aplicadas a contextos cotiás de forma guiada.
- Educación financeira
- Situacións de compra e venda en xogos en equipo e nas que se utilicen diferentes combinacións de moedas e billetes do sistema monetario da UE.
- Organización e análise de datos
- Reconto de datos da vida cotiá (temporais, meteorolóxicos, persoais e escolares) para representar manipulativa e graficamente o resultado, mediante recursos variados como obxectos cotiás, imaxes, regras, policubos, encaixables, bloques, pezas de construción.
- Resolución de problemas en equipo relacionados co contexto próximo mediante o emprego de estratexias manipulativas para a recollida, clasificación, reconto de datos cualitativos en mostras pequenas e representación dos datos obtidos no reconto mediante gráficos estatísticos sinxelos.
- Incerteza
- Distinción entre un suceso posible e imposible nun ámbito lúdico e cotián.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.

## Contidos

- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
2	EXPERIMENTANDO AS MATEMÁTICAS	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.	PE	25
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..		
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable	TI	75
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar, entre varias, a solución adecuada a un problema		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resolven matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA2.5 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA2.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.</li> <li>- Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo.</li> <li>- Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial.</li> <li>- Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais.</li> <li>- Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo.</li> <li>- Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).</li> <li>- Medición</li> <li>- Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá.</li> <li>- Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (regras, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades.</li> <li>- Estimación e relacións</li> <li>- Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.</li> <li>- Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Patróns</li> <li>- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.</li> <li>- Modelo matemático</li> <li>- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.</li> </ul>

## Contidos

- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
3	AS MATEMÁTICAS TAMÉN SE DISFRAZAN	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..	PE	25
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Aceptar a tarefa e rol asignado no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable.	TI	75
CA2.3 - Describir verbalmente a idoneidade das solucións dun problema a partir das preguntas previamente expostas.	Identificar entre varias a solución adecuada a un problema.		
CA2.4 - Dar exemplos de problemas a partir de situacións cotiás que se resoven matematicamente.	Formular problemas, de maneira guiada, relacionados co cotiá.		
CA2.7 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.5 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA4.6 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA4.7 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.3 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Magnitude</li> <li>- Identificación e exemplificación de características mensurables dos obxectos (lonxitude, masa, capacidade), distancias e tempos mediante a observación da realidade próxima.</li> <li>- Identificación de unidades non convencionais (palmo, pé, paso, cullerada, puñado, chisco) presentes no seu contexto próximo.</li> </ul>

## Contidos

- Identificación de unidades convencionais (metro, centímetro, quilogramo, gramo, litro) presentes no seu contexto vivencial.
- Identificación, ordenación e clasificación das unidades de medida do tempo (ano, estación, mes, semana, día e hora) en situacións cotiás persoais e sociais.
- Construción do calendario para a comprensión das conexións entre diferentes unidades de tempo.
- Utilización das medidas de tempo no relato das súas experiencias e na xestión das emocións (tempos de espera e momentos de calma).
- Medición
  - Medición individual e en equipo para experimentar con medidas non convencionais mediante repetición da mesma unidade en situacións diversas da vida cotiá.
  - Medición individual e en equipo con instrumentos non convencionais e convencionais (reglas, cintas métricas, balanzas, xerras graduadas, calendarios, reloxos) para resolver problemas cotiáns e achegarse á medición eficaz. Explicación verbal e gráfica do proceso seguido: selección de instrumento, precisión na medida e uso correcto de unidades.
- Estimación e relacións
  - Resolución de problemas cotiáns que requiran estratexias de comparación directa e ordenación de medidas da mesma magnitude. Explicación oral do proceso seguido e da estratexia usada.
  - Estimación de medidas (distancias, alturas, masas, capacidades) por comparación directa con outras medidas en contextos de resolución de problemas cotiáns, análises dos acertos e dos erros como parte do proceso de aprendizaxe.
- Patróns
  - Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.
- Modelo matemático
  - Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.
- Relacións e funcións
  - Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
  - Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.
- Pensamento computacional
  - Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Crenzas, actitudes e emocións
  - Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
  - Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
  - Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
  - Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade

**Contidos**

- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
4	AS MATEMÁTICAS SON UNHA ARTE	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Recoñecer as matemáticas presentes na vida cotiá e noutras áreas, establecendo conexións sinxelas entre elas.	Recoñecer números, figuras, medidas, operacións e posicións na arte, no deporte, na natureza,..	PE	30
CA4.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.		
CA4.4 - Obter posibles solucións a problemas, de forma guiada, aplicando estratexias básicas de resolución.	Resolver problemas aplicando os procesos de interpretación da situación, determinación de datos, plan de acción e comprobación de resultados.		
CA3.1 - Participar respectuosamente no traballo en equipo, establecendo relacións saudables baseadas no respecto, a igualdade e a resolución pacífica de conflitos.	Participar no traballo en equipo gardando quendas e respectando as propostas das compañeiras e dos compañeiros	TI	70
CA3.2 - Realizar conxecturas matemáticas sinxelas investigando patróns, propiedades e relacións de forma guiada.	Realizar conxecturas sinxelas relacionadas con situacións matemáticas con axuda de preguntas.		
CA3.3 - Describir rutinas e actividades sinxelas da vida cotiá que se realicen paso a paso, utilizando principios básicos do pensamento computacional de forma guiada.	Indica con esquemas ou secuencias os pasos dunha rutina ou tarefa.		
CA3.4 - Recoñecer conexións entre os diferentes elementos matemáticos aplicando coñecementos e experiencias propios.	Identificar relacións entre diferentes sentidos matemáticos con axuda de apoios orais (preguntas) ou iconográficos.		
CA3.6 - Recoñecer linguaxe matemática sinxela presente na vida cotiá, adquirindo un vocabulario específico básico.	Recoñecer linguaxe referida a números, figuras, medidas, operacións e posicións na vida cotiá.		
CA3.7 - Explicar, ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA4.1 - Recoñecer as emocións básicas propias ao abordar novos retos matemáticos, pedindo axuda só cando sexa necesario.	Indicar cales poden ser as emocións ante retos e dificultades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Proporcionar exemplos de representacións de situacións problematizadas sinxelas con recursos manipulativos e gráficos que axuden na resolución dun problema da vida cotiá.	Representar con materiais manipulativos ou con imaxes problemas sinxelos para resolvelos máis facilmente.		
CA4.8 - Explicar ideas e procesos matemáticos sinxelos, os pasos seguidos na resolución dun problema ou os resultados matemáticos de forma verbal ou gráfica.	Indicar a través da linguaxe oral, xestual, gráfica ou simbólica os pasos seguidos para resolver un problema ou os resultados obtidos.		
CA6.2 - Expresar actitudes positivas ante novos retos matemáticos, valorando o erro como unha oportunidade de aprendizaxe.	Amosar actitudes positivas ante os retos matemáticos e non frustrarse ante o erro.		
CA6.4 - Aceptar a tarefa e o rol asignados no traballo en equipo, cumprindo coas responsabilidades individuais e contribuíndo á consecución dos obxectivos do grupo.	Aceptar a tarefa e o rol que lle corresponda no equipo adoptando un comportamento responsable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións</li> <li>- Identificación en contextos próximos do punto xeométrico, liñas abertas e pechadas, liñas rectas e curvas.</li> <li>- Descrición de obxectos cotiáns cun vocabulario xeométrico básico referido a figuras sinxelas (triángulo cadrado, rectángulo e círculo) e os seus elementos (lados e vértices).</li> <li>- Experimentación lúdica con figuras e elementos xeométricos para buscar regularidades, descubrir propiedades, comparar, compoñer, descompoñer e clasificar mediante materiais manipulables (xeoplanos, bloques xeométricos, mosaico de petiscos), con adestramento da constancia, perseveranza ante os retos e interese por descubrir.</li> <li>- Construción individual e en equipo de figuras xeométricas sinxelas con recursos funxibles e non funxibles como pezas de construción, bloques, xeoplanos, xogos de figuras...</li> <li>- Localización e sistemas de representación             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Representación sinxela, desde a propia vivencia e a través do xogo, da localización persoal ou de obxectos no espazo físico cotián e os seus movementos con contraste en equipo dos resultados.</li> <li>- Descrición de posicións e movementos de obxectos e persoas no espazo con relación a un mesmo ou a puntos de referencia co vocabulario adecuado (arriba, abaixo, diante, detrás, preto, lonxe, á beira). Interpretación de mensaxes que conteñan esa información espacial con contraste en equipo dos datos e emprego do xogo como recurso.</li> </ul> </li> <li>- Visualización, razoamento e modelización xeométrica</li> <li>- Construción de modelos sinxelos a partir de figuras xeométricas dadas.</li> <li>- Recoñecemento de elementos, figuras e relacións xeométricas na arte, contorna física, xogos e planos do seu contexto próximo.</li> <li>- Patróns             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias guiadas para a identificación das regularidades nunha colección de números, figuras ou imaxes en situacións cotiás.</li> </ul> </li> <li>- Modelo matemático             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Modelización guiada do proceso de resolución de problemas da vida cotiá con debuxos, esquemas, diagramas, material manipulativo e dramatizacións.</li> </ul> </li> </ul>



## Contidos

- Relacións e funcións
- Expresión de relacións de igualdade e desigualdade entre obxectos, números e operacións no contexto cotián e a súa translación á linguaxe matemática cos signos = e ?.
- Obtención dun dato descoñecido en relacións de igualdade sinxelas e en retos matemáticos, con comprobación de que o resultado obtido é correcto.
- Pensamento computacional
- Interpretación de algoritmos sinxelos en situacións cotiás (rutinas diarias, instrucións por pasos ou fases ordenadas) con emprego de estratexias básicas guiadas.
- Crenzas, actitudes e emocións
- Clasificación e organización de imaxes de emocións como instrumento para identificar e recoller as emocións da aula ante as matemáticas.
- Comprensión das emocións e técnicas de xestión a través de relatos de manexo de diversas situacións emocionais relacionadas coas matemáticas.
- Os xogos matemáticos individuais en formato dixital, impreso e manipulativo como adestramento da perseveranza, confianza nas propias posibilidades e a superación persoal.
- Os enigmas, adiviñas e retos matemáticos para incrementar a creatividade, curiosidade e gusto polas matemáticas.
- Traballo en equipos heteroxéneos, mixtos e diversos: inclusión, respecto e diversidade
- Identificación no propio traballo en equipo de actitudes inclusivas e non discriminatorias durante a realización das tarefas matemáticas.
- Os equipos colaborativos e cooperativos: responsabilidade individual, interdependencia positiva, repartición equitativa e rotatoria de roles, respecto polas contribucións de todas as persoas membros do equipo.
- Estratexias guiadas de organización do traballo en equipo para xestionar o tempo e a realización das tarefas.
- Recoñecemento de mulleres e homes no ámbito matemático ao longo da historia como mecanismo de construción dunha identidade positiva propia.

UD	Título da UD	Duración
5	AS MATEMÁTICAS FAN DEPORTE	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Empregar algunhas estratexias adecuadas na resolución de problemas.	Empregar estratexias de representación e cálculo básico na resolución de problemas.	PE	30
Avaliaremos trimestralmente a temporalización prevista na programación. No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porqué non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas,
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

O currículo vixente na área de música e as súas orientacións pedagóxicas serán o marco de referencia na realización desta programación así como a normativa vixente para a etapa de primaria. Basearase no Decreto 155/2022 do 15 de setembro e a a Orde do 26 de maio de 2023 que o desenvolve.

A presente programación destínase ao alumnado de 1º, sendo 12 nenos e 9 nenas.

A lingua predominante do alumnado é o castelán.

Análise dos resultados do curso anterior:

Todo o alumnado procede de Educación Infantil. Non hai nenas ou nenas que non cursasen esta etapa educativa. Analizando os items dos boletíns de cualificación que fan referencia á parte artística, a inmensa maioría presentan a cualificación "sen dificultade", se ben hai algún alumno e alumna que nalgún deles está "en proceso".

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A PRIMEIRA ESTACIÓN POLO MUNDO	Esta UD pretende iniciar as bases da clase para este primeiro curso e para o resto da etapa: a dinámica e rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material, etc. Ao mesmo tempo traballarase a recepción activa e a vivencia na iniciación dos elementos básicos da música e da danza a través da estación do outono como fío condutor con diferentes agrupamentos. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia. Farase fincapé na celebración do Nadal en outras partes do mundo.	15	7	X		
2	A SEGUNDA ESTACIÓN POLO MUNDO	Esta UD2 continúa o traballado na UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos da música e da danza de distintas partes do mundo, mais nesta ocasión, a través do inverno como fío condutor. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado.	21	6		X	
3	A TERCEIRA ESTACIÓN POLO MUNDO	A UD3 desenvolve un pouquiño máis os elementos de contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados; nesta ocasión o fío condutor serán as dúas estacións restantes: a primavera e o verán. As Letras Galegas e o Día da Música serán de especial relevancia.	24	5			X
4	A CUARTA ESTACIÓN POLO MUNDO	Esta UD profundiza nas músicas e danzas doutras rexións e países: a visualización e valoración destas, así como a interpretación dunha coidada selección das mesmas, con especial fincapé daquelas procedentes das mesmas zonas co alumnado inmigrante. O traballo en grupo e grande grupo será o predominante, procurando unha participación activa do alumnado e procurarase a asistencia en vivo a algunha representación artística de música e/ou danza.	40	17	X	X	X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A PRIMEIRA ESTACIÓN POLO MUNDO	7

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais tradicionais e populares dos diferentes continentes, con especial fincapé nas de Galicia.	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica e representa con grafía non convencional negra e silencio de negra, son rápido e curto e son forte e piano.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifiesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Reproduce rítmicamente co corpo fórmulas de pregunta-resposta de 4 pulsos.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpreta e crea combinacións rítmicas con grafías non convencionais e de 4 pulsos, de sons fortes e pianos, outras de sons largos e curtos e outras de negras e silencios de negra.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifiesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas do baile e a danza tradicional e popular dos diferentes continentes, con especial fincapé nas de Galicia.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifiesta respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Collendo de referencia a música do 3º movemento de Vivaldi, de O Outono, a modo de conto, segue os movementos e indicacións da mestra.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> </ul>

**Contidos**

- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
2	A SEGUNDA ESTACIÓN POLO MUNDO	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais clásicas (cultas) e modernas (rock, popo, jazz, etc..). Descobre o 1º mov. de O inverno de Vivaldi.	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica e representa con grafía non convencional, pulso con e sen acento e son agudo e grave. Realiza ditados de 4 pulsos: rítmicos (negra e silencio de negra) e melódicos (mi e sol)		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Asigna notas (mi e sol) a unha pequena partitura rítmica de 6 pulsos (con negras e silencio de negra).		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Interpreta e crea combinacións rítmicas con grafías non convencionais de 6 pulsos, de sons acentuados e non acentuados e outras de sons agudos e graves.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da danza clásica, moderna e contemporánea.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción das propostas artísticas escénicas e performativas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza movementos para seren imitados en espello pola clase. Baixo a música do 1º mov. de O inverno Vivaldi, a modo de conto, segue os movementos e indicacións da mestra.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades escénicas e performativas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral</li> </ul>



### Contidos

- como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

UD	Título da UD	Duración
3	A TERCEIRA ESTACIÓN POLO MUNDO	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas musicais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade e respecto por estas.	Descobre propostas musicais con instrumentos de materiais sinxelos, refugallo e/ou reciclaxe. Descobre o 1º movem. de A Primavera.	TI	100
CA1.3 - Iniciarse no recoñecemento visual e auditivo e na clasificación e descrición de elementos fundamentais da música e da linguaxe musical.	Identifica a clave de sol; as notas do, mi e sol e o pentagrama, situando neste último os referidos elementos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elabora algún instrumento con materiais sinxelos da súa contorna, de refugallo e/ou reciclaxe.		
CA2.3 - Iniciarse na utilización dos elementos fundamentais da linguaxe musical para interpretar propostas musicais básicas vocais e instrumentais a través da vivencia destes.	Le e entoa unha partitura de 4 pulsos (notas: mi e sol, figuras negra e silencio de negra).		
CA2.5 - omar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe musical.	Participa nun grupo que crea un conto baixo a música do 3º mov. de O verán de As catro estacións de A. Vivaldi.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na realización de actividades musicais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas escénicas e performativas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por estas.	Descobre propostas artísticas da música dramática.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de actividades escénicas e performativas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión artística, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Baixo a música do 1º mov. de A Primavera da modo de pequeno conto, segue os movementos e indicacións da mestra.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas escénicas e performativas, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión das ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifesta respecto na recepción de actividades escénicas e performativas.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas escénicas e performativas, utilizando elementos básicos da expresión corporal.	Participa nun grupo que crea os movementos e indicacións do conto previamente creado baixo a música do 3º mov. de O verán de Vivaldi.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- O son e as súas calidades básicas: discriminación auditiva, clasificación e representación básicas de diversidade de sons e liñas melódicas breves e sinxelas a través de diferentes grafías non convencionais, e iniciación gradual nas convencionais.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> <li>- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.</li> <li>- Construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna, especialmente de reciclaxe, e exploración das súas posibilidades sonoras.</li> <li>- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.</li> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde</li> <li>- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante</li> <li>- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión</li> <li>- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.</li> <li>- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.</li> <li>- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	A CUARTA ESTACIÓN POLO MUNDO	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas musicais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre música con voz, a capella e instrumental en cada unha das manifestacións musicais seleccionadas.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas musicais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA1.5 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas musicais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas musicais propostas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións musicais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas obras musicais seleccionadas.		
CA2.4 - Participar de maneira guiada no deseño de producións musicais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa grupalmente na creación e interpretación dun pequeno conto que empregue algúns instrumentos ou outros, a modo de efectos dramáticos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.6 - Compartir as experiencias creativas musicais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas musicais realizadas.		
CA3.2 - Describir elementos de manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Identifica e discrimina entre baile ou danza individual, en parella e grupal en cada unha das manifestacións seleccionadas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Participa na elaboración dun mural grupal sobre instrumentos musicais e danzas e bailes tradicionais e populares galegos.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Comparte as sensacións producidas ante as manifestacións culturais e artísticas escénicas e performativas propostas.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas escénicas e performativas sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresa os sentimentos e emocións experimentados trala interpretación de pequenas coreografías seleccionadas.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Goza coas experiencias creativas realizadas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións escénicas e performativas elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa nun grupo que diseña e interpreta unha pequena coreografía dunha música elixida por este, preferentemente das traballadas nesta UD.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias básicas de recepción activa.</li> <li>- A voz e os instrumentos musicais: estratexias de discriminación visual e auditiva básica de instrumentos, familias e agrupacións. Obxectos sonoros e instrumentos caseiros presentes na contorna do alumnado.</li> <li>- O tempo e o carácter: recoñecemento de mostras básicas e contrastantes e iniciación á súa capacidade de relación.</li> <li>- O pulso e o acento como núcleo esencial do ritmo. O compás binario.</li> <li>- Propostas musicais de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Vocabulario específico básico de música.</li> <li>- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a audición.</li> </ul>

## Contidos

- Práctica instrumental, vocal e corporal: aproximación á experimentación, exploración creativa e lúdica e interpretación a partir das súas posibilidades sonoras e expresivas.
- Linguaxes musicais básicas: iniciación no seu coñecemento e aplicación dos seus conceptos elementais na interpretación de propostas musicais básicas vocais e instrumentais.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións musicais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas musicais. O silencio como elemento e condición indispensable durante a creación e a práctica musical.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Manifestacións elementais vinculadas á expresión corporal e ás artes escénicas e performativas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde
- Vocabulario específico básico das artes escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante
- O corpo e as súas posibilidades motrices: interese na experimentación e exploración a través de execucións individuais e grupais sinxelas vinculadas co movemento, coa danza, coa dramatización e coa representación teatral como medio de expresión e diversión
- Técnicas dramáticas e dancísticas elementais.
- Capacidades expresivas e creativas básicas da expresión corporal e dramática.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións escénicas e performativas.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas vinculadas coa expresión corporal e dramática.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta etapa educativa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas.

Na nosa práctica docente incidiremos nos seguintes aspectos:

- Metodoloxía comunicativa, activa, buscando a integración dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes.
- Motivación, partindo dos intereses, demandas e necesidades do alumnado.
- Integración de accións vinculadas ao traballo por proxectos, promovendo así a reflexión, o pensamento crítico, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora por parte do alumnado, onde poida desenrolar máis de unha competencia á vez.
- Utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na presentación dos novos contidos.
- Fomentar as actividades básicas e instrumentais, imprescindibles e funcionais, seleccionando aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias.
- Gradación das actividades, garantindo uns mínimos para todos e, na medida do posible, desenvolver as potencialidades de cadaquén.
- Facilitar e promover a transferencia de coñecementos lingüísticos desde a lingua materna á outra lingua oficial.
- Flexibilidade no tratamento de materias e sesións, procurando non romper un ritmo de traballo e aproveitar situacións educativas que se produzan na aula.
- Autonomía na aprendizaxe, procurando que o alumnado aprenda a aprender, participando na planificación e na toma de decisións sobre a aprendizaxe.
- Coherencia na transición entre niveis, reforzando contidos aprendidos no curso anterior e abrindo novos horizontes

cara o vindeiro.

- Fomento das actividades co fin de adquirir competencias relacionadas co dominio emocional e habilidades sociais que favorezan o diálogo, a escoita, a cooperación e a confrontación de opinións, promovendo as actitudes de respecto.
- Fomento de actividades de adaptación e educación emocional.
- O uso das tics con actividades que favorezan a autoaprendizaxe.

Os agrupamentos que empregaremos durante o curso escolar son os seguintes:

- Traballo Individual: no que os nenos/as reflexionen e practiquen, de forma personalizada, os diversos contidos traballados (para detectar dificultades) e o traballo autónomo en xeral: práctica dos instrumentos con soporte melódico, improvisacións e creacións individuais, investigación de contidos, creación de instrumentos...
- Grupo Clase: no referente a conxuntos e agrupacións instrumentais no desenrolo e fomento da crítica construtiva, tarefas de creación, pero respectando que a execución se faga no subgrupo do que cada neno forma parte.
- Grupo Pequeno: utilizarase para o desenvolvemento de experiencias e proxectos. Os grupos serán os mesmos que se constituirán na titoría e estarán formados por catro alumnos/as. Cada trimestre cambiaranse os grupos. O obxectivo deste tipo de agrupamento é favorecer o traballo cooperativo, fomentar a aprendizaxe significativa, facilitar a introdución de conceptos de especial dificultade, aclarar a información que se dá en gran grupo, enriquecer aos membros do grupo con aportacións diferenciadas e fomentar a autonomía e a responsabilidade. Na área de música fai referencia aos traballos de investigación, especialmente.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos de percusión de altura indeterminada (PAI) e de percusión de altura determinada (PAD)
Encerado dixital e encerado pautado
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor de partituras, gravación, etc.
Altofalantes
Piano electrónico
Fruta doce
Estoxo
Paneis con grafa non convencional
Material específico que se lle pediu a cada neno/a

### RECURSOS HUMANOS:

-Dende os membros do equipo do ciclo ata o resto de mestres/as do centro e outras persoas externas o mesmo (CFR, EOE, ONG, o Concello e diversas organizacións locais, ANPA, Asociacións culturais, etc) móstranse moi dispoñibles, tanto cando se lles solicita como na oferta presentada ao centro.

-Así mesmo contamos cos recursos persoais do centro no referente á atención ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo que se concretan no D.O.

-Contamos cuns cauces para facilitar e implicar ás familias na educación dos seus fillos e fillas, entre os que destacamos: reunións coas mestras e mestres cada quince días, axenda escolar, reunión inicial cos titores e grupo de profesorado, entrega de notas e reunións pertinentes a final de cada trimestre

### RECURSOS ORGANIZATIVOS:

#### Organización dos espazos:

A aula de música está distribuída por zonas e cada zona está destinada a unha tarefa concreta ou a varias. A zona do corcho está pensada para as actividades de danza, asemblea, posta en común e práctica da frauta. A zona onde se sitúan as cadeiras se utiliza para todo o que ten que ver con producións escritas. Finalmente, a zona dos instrumentos está pensada tan só para a práctica instrumental.

#### Espazo físico para o desenvolvemento da materia de música para este curso:

Para a clase de música farase uso da aula de música, tomando as medidas oportunas de hixienización antes e despois das sesións, tendo en conta as características especiais relativas ao Covid-19.

#### Organización do tempo:

A organización do tempo contempla dúas vías claramente diferenciadas:

- O horario xeral para o desenvolvemento das áreas.
- O horario referido á actividade docente: con actividades organizadas polo centro onde a música cobra especial relevancia no noso centro, estando presente en cada unha delas.
- Para unha boa coordinación entre o profesorado que traballa cos diferentes grupos, se establecen varias canles: unha reunión mensual os martes pola tarde, unha sesión de preavaliación a metade de trimestre e unha sesión de avaliación a final de trimestre.

#### RECURSOS DIDÁCTICOS:

Na área de música fan referencia a:

- Recursos dixitais
- No caso dos cursos de 5º e 6º de EP contamos con libros de texto dixitais a través do programa EDIXGAL, así como un ordenador portátil para cada alumno e alumna.
- Murais
- Fichas elaboradas polo mestre e apoiadas en diferentes guías docentes.
- Musicogramas e partituras.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas primeiras semanas do curso realizaranse as probas de avaliación inicial.

Con esta avaliación inicial estableceranse uns criterios claros do nivel mínimo da clase en xeral e de cada alumno/a en particular.

Dita proba consistirá de:

- unha execución guiada dunha selección específica de xogos/exercicios/cancións/fragmentos que traballen os aspectos vocal, audiperceptivo, corporal e rítmico e cuxa observación directa será reflectida nun rexistro.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase co DO (ou alomenos comunicaranse, e a través da titoría, aquelas medidas que xa pode realizar e/ou realizará a persoa docente na aula, como por exemplo un reforzo dentro desta ou unha atención máis individualizada); de ser posible e/ou necesario sería importante e interesante que esta xuntanza fose xunto coa persoa titora e co resto de equipo docente da aula para poder convir o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	21	24	40	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación da área de música de cada unha das avaliacións parciais e da avaliación final son os que se indican nas táboas anteriores

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, for un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- se o decimal está entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá

### Criterios de recuperación:

O alumnado que precise recuperar recibirá os apoios necesarios para superar as aprendizaxes non acadadas, con pautas que faciliten a recuperación e o progreso na aprendizaxe, e propostas de reforzo axeitadas.

No caso de que as medidas ordinarias non fosen suficientes, solicitarase axuda ao equipo de orientación do centro e ao titor/a do alumnado/a para organizar un plan específico de reforzo para que o durante o resto do curso poida acadar o grao de consecución das competencias correspondentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

O grupo ao que se destina esta programación é heteroxéneo, tanto nas aprendizaxes previas, experiencias... como nas características de cada un dos seus membros. Existen distintos ritmos de aprendizaxe moi marcados, un contexto que será tido en conta, xa que o ritmo e os modos de aprender van a ser diferentes.

Ante as dificultades que poidan aparecer nas situacións de aprendizaxe plantexadas, teranse en conta:

Medidas ordinarias:

- Adaptación de tempos (teranse en conta as características de cada alumno/a flexibilizando estes se fora preciso)
- Instrumentos de avaliación

Reforzos educativos: no caso de deficiencias no coñecemento de contidos, datos, saberes da área: traballarase a través de ensino individualizado/personalizado, coa implementación de anotacións orixinais, apoios e reforzo educativo, actividades en diferentes niveis de dificultade que permitan o avance do/a alumno/a.

- apoios do profesorado con dispoñibilidade horaria
- plans específicos de refrozo e/ou ampliación, no caso dos nenos/as que acaben antes as tarefas
- os agrupamentos dentro da aula dependendo do contexto da aprendizaxe: trátase de xestionar o propio coñecemento e facer que aprendan e se retroalimenten grazas ao traballo en grupo. Este aspecto será tido en conta xa que a priori os grupos de iguais son máis favorables cara a aprendizaxe que o dirixido a través dun adulto, neste caso o/a mestre/a. Este tipo de traballo será positivo para desenvolver habilidades sociais ademais de fomentar



hábitos de responsabilidade, resolución de conflitos, iniciativa propia, orixinalidade, diálogo... é dicir, inferíndose nesta medida o desenvolvemento das competencias clave en boa medida.

- Modos de presentación das tarefas: coa implementación de recursos visuais, infografías, esquemas... así como a posible progresión e presentación das mesmas parcialmente sempre que as características persoais de cada discente o precise.

Medidas extraordinarias:

- adaptacións curriculares

- agrupamentos flexibles

- apoios das mestras de Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica

Outras medidas para a atención educativa:

No caso de que o alumno presente dificultades para asistir ao centro por causas xustificadas:

- emprego da Aula Virtual ou Entorno Virtual de Aprendizaxe (5º e 6º co proxecto Edixgal)

- videoconferencias a través das plataformas cooperativas

- mensaxería abalar

Estas medidas poderán ser ampliadas e/ou modificadas dependendo das características que presente o alumnado no momento de aplicarlas.

Ademais destas medidas tomadas polo profesorado encargado de impartir a área, poderase contar con apoios dentro da aula, de ser precisos o mesmo tras a avaliación inicial e o recollido nos históricos do Departamento de Orientación.

Todas estas medidas así como aquelas que sexan extraordinarias, seguirán a normativa vixente en relación á diversidade (Decreto 229/2011 do 7 de decembro e a Orde do 8 de setembro de 2021 que o desenvolve).

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - comprensión de lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución política de conflitos		X		
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible			X	
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

**Observacións:**

Os elementos transversais, eiqú numerados, 1-6 e 9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD, ben sexa coas rutinas ou coas diferentes actividades que desenvolven os contidos.

O elemento transversal 7 traballarase, de xeito especial, a través da conmemoración do Día da Paz e non Violencia.

O elemento transversal 8 traballarase ao abeiro do B2 no 3º trim. e a través da construción asistida de obxectos sonoros e instrumentos sinxelos con materiais da contorna e de reciclaxe.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1ª Estación	Deseño e participación nun festival en relación ao proxecto do centro	X		
2ª Estación	Creación dunha comparsa ou agrupación	X		
3ª Estación	Obradoiro de instrumentos		X	
4ª Estación	Asistencia a un concerto didáctico			X

### Observacións:

Desde a área de Música participárase en todas as actividades propostas para este curso na medida en que sexa posible, celebracións anuais de centro: Samaín, Magosto, Día da Paz..entre outras.

Cada unidade terá asociada unha actividade extraescolar ou complementaria, sempre que sexa posible sen prexuízo de que, ao longo do curso, poidan aparecer outras interesantes que se poidan levar a cabo.

Por outra banda, xa que moitas das actividades extraescolares non se atopan decididas ó comezo do curso, unha vez decididas as mesmas e crendo ser convintes para o noso alumnado, o mestre terá que rexistrar a actividade e informará á dirección do centro. Ademais, todas as celebracións e conmemoracións reflectidas no calendario escolar poden e deberán ser abordadas ao longo do curso académico

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A temporalización das UD foi axeitada
80% do alumnado acadou unha avaliación positiva na área
Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na PD
Avaliouse seguindo os instrumentos de avaliación fixados na programación docente
As situacións de aprendizaxe integraron o desenvolvemento e desempeño de máis dunha competencia

Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.
Medidas de atención á diversidade
Flexibilizáronse os tempos, instrumentos , contidos..en función das necesidades do alumno/a
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Foi necesario adoptar medidas de reforzo educativo
Outros
Traballaron en equipo, cooperativamente

### Descrición:

Os indicadores expostos anteriormente avaliaranse a través de listas de control con carácter trimestral para poder realizar un seguemento tando dos resultados académicos do alumnado así como da práctica docente e da propia programación. No caso de non acadar algún indicador de logro analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadalas. Dentro de estas medidas incluíranse reforzos, variacións da temporalización, instrumentos de avaliación, entre outras.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O primer procedemento será a recollida dos datos no anterior punto.

E, ao remate do curso, realizarase un último documento que recollerá a análise dos resultados en relación aos indicadores de logro así como da avaliación das competencias. Para iso farase un documento de análise final que deberá recoller.

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

Na derradeira avaliación este procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora realizarase a través da aplicación PROENS tendo en conta e sendo un punto de partida estes datos na realización da programación do seguinte curso académico do grupo ao que foi destinado.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	8
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	8
6. Medidas de atención á diversidade	9
7.1. Concreción dos elementos transversais	10
7.2. Actividades complementarias	11
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	11
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	12
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación establece no seu artigo 91 como a primeira das funcións do profesorado, a elaboración da programación da/s área/s correspondentes. Este documento será o eixo vertebrador a nivel curricular do proceso de ensino aprendizaxe durante o ano académico 2023/2024, e seguirá as pautas establecidas no equipo de ciclo e a comisión de coordinación pedagóxica.

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado. Esta materia configurárase neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais e nela buscarase a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica nun CEIP situado en VILARIÑO, unha aldea rural de Cambados. As familias viven principalmente do traballo do campo. A zona caracterízase polas viñas e as adegas da uva albariña. O nivel socioeconómico é medio e a relación familia-escola sempre foi boa. As familias polo xeral implícanse na educación dos seus fillos e fillas, aspecto que favorece o proceso de ensino e aprendizaxe.

O grupo seleccionado de 1º EP, está composto por 6 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 5/6. O grupo está composto por 21 nenos e nenas dos cales 6 escolleron proxecto competencial e 15 relixión católica. O feito de que o grupo se reduza, favorece unha atención máis individualizada e isto redonda nunha maior calidade no proxecto.

A nivel académico é un grupo moi heteroxeneo con diferenzas fundamentais como é a adquisición ou non da lectoescritura. Isto fai obrigatorio o deseño de situacións de aprendizaxe que permitan diferentes niveis de afondamento para atender ás necesidades e/ou potencialidades de todas e todos.

A nivel atitudinal, é un grupo moi faladeiro e distraído. Non obstante, polo xeral amósanse motivados e con boa predisposición fronte ao traballo.

O proxecto que levaremos a cabo é sobre as emocións. O produto final será facer o libro "O emocionario de 1º" no que se faga unha análise das emocións que o alumnado elixa. Ao final do curso, o libro exporase ás familias e nos corredores do centro para involucrar a toda a comunidade educativa.

Este proxecto procura desenvolver no alumnado habilidades e actitudes científicas, de investigación, indagación, comunicación e de habilidades sociais para construír alumnado acorde ao mundo no que viven.

Para decidir a temática do proxecto, presentóuselle ao alumnado diversos temas a elixir. É especialmente relevante o tratamento de contidos relativos ás emocións no grupo, debido ás necesidades presentes na aula. A necesidade de desenvolver a comprensión, a empatía, a tolerancia, o respecto, a solidariedade, o compañeirismo, a comprensión das emocións propias e alleas e a resolución pacífica de conflitos cobran especial interese polas diferenzas e diversidade da aula.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As emocións	Nesta primeira unidade traballamos as emocións: que son, cales son, situacións que evocan unhas ou outras emocións... todos estes contidos serán introducidos a partir das experiencias persoais do alumnado.	30	15	X		
2	Que emoción?	Nesta unidade os nenos e as nenas escollerán distintas emocións que queiran traballar e que formarán parte do emocionario de primeiro.	35	10		X	
3	O emocionario de 1º	Unha vez escollidas e traballadas as emocións, pasámolo a formato dixital e elaboramos un libro para cada nena e neno.	35	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As emocións	15



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñecer a importancia das emocións nas nosas vidas. Entendelas como aspecto fundamental para coñecer e interactuar co mundo que nos rodea.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a realización dos modelos de xeito guiado.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Con axuda, seleccionar a información que se precisa.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Que emoción?	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos dende unha perspectiva competencial.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega os recursos e materiais previstos.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Comunica as incidencias xurdidas durante a execución do proxecto.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	O emocionario de 1º	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o libro do emocionario.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal correcta e clara.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe corporal correcta e clara.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais para presentar o proxecto		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "AS EMOCIÓNS".

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA E SEGUNDA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto: pescudar e descubrir as emocións. Ao comezo do curso, falarase das emocións, da importancia delas na súa vida, as distintas situacións atribuídas a diferentes emocións... Cada semana un alumno ou alumna traerá a clase unha emoción que quere traballar e recoller no libro do emocionario de 1º (produto final do proxecto). Por grupos, faremos un acróstico que recolla o que nos suxire a emoción, buscaremos información sobre a súa expresión facial, situacións que a evocan e estratexias de control. Farán un rexistro dos distintos momentos nos que sinten esa emoción e recollerán información dos familiares e veciños e veciñas que a experimentan.

Farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN o alumnado seguirá recollendo información das emocións e é onde se producirá a redacción das emocións que se elixiron para traballar. Igualmente, presentarán o emocionario aos distintos niveles do colexio.

Igualmente, poderán expoñer o emocionario no corredor.

Neste proxecto, trabállanse as todas as competencias clave contribuíndo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Castelá (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, lectura de textos...)
- Ciencias Sociais (espazos e lugares da contorna, as emocións en si mesmas, a convivencia positiva...)
- Educación Plástica e Visual (deseño do formato de presentación do libro)
- Música e Danza (falarase coa mestra para escoitar cancións en función das emocións sentidas).

Ademáis de todo o mencionado, as metodoloxías que se empregan son activas, que sitúan ao alumnado no centro da súa aprendizaxe; metodoloxías que respectan os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe; que parten dos intereses do alumnado e dos seus coñecementos previos para dotar de calidade a aprendizaxe do alumnado... As metodoloxías buscan unha aprendizaxe competencial que poña o acento na adquisición de habilidades e actitudes de investigación, de traballo en equipo e de tratamento da información, de acordo coas necesidades do século XXI.

As características fundamentais das metodoloxías empregadas (onde impera a metodoloxía por proxectos) son as seguintes:

- Tarefas que requiran do traballo grupal pero tamén do individual.
- Presentación da información en diversos soportes e formatos, respectando e dando resposta aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.
- Atención ás necesidades actuais en materia de información e aprendizaxe: a información a recibirán por distintas vías sensoriais.
- Implicación das familias e dos servizos que a contorna pon á nosa disposición.
- Aprendizaxes funcionais para a busca de información e para a vida (aprendizaxe permanente).
- Multinivel: adecuada ás características e ás potencialidades do alumnado.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización do proxecto e promovan o trasvase de contidos académicos.

Organización dos espazos.

Faremos uso de diferentes espazos do Centro:

- Espazos propios do grupo: aula
- Espazos compartidos polo alumnado: biblioteca, ximnasio, arts, pistas polideportivas e patios de recreo.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1. RECURSOS PERSOAIS
2. RECURSOS MATERIAIS
3. RECURSOS TECNOLÓXICOS
4. RECURSOS DIXITAIS
5. RECURSOS ESPACIAIS

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes. Neste proxecto promoverase a participación das familias favorecendo a conexión familia-escola e a implicación desta na aprendizaxe dos seus fillos e fillas.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial especialmente na realización de proxectos.

Empregaremos material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinas, rolo de papel, témperas, rotuladores, lapis...).

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, impresora, cámara de fotos, gravadora, plastificadora, fotocopiadora.

**RECURSOS DIXITAIS:** enciclopedias online, vídeos educativos relacionados coas emocións, grabadora, navegadores e motores de búsqueda, cámara de fotos.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia, comedor, praia da contorna próxima, así como os diversos espazos da contorna...

É importante sinalar que unha vez averiguados os coñecementos previos do alumnado, é interesante ver un vídeo que resuma o que imos traballar ao longo das unidades didácticas.

Estes recursos que se prevé empregar non son fixos senón que poden mudar en función das necesidades do momento.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo nas primeiras semanas do curso, cando se incorpore alumnado unha vez comezado o curso ou ao inicio de cada unidade didáctica. Esta avaliación levarase a cabo mediante:

- Revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
- Recollerase información nas entrevistas iniciais coas familias para coñecer datos relevantes sobre o alumnado en canto a súa personalidade, nivel de autonomía, situación familiar, coñecer a implicación das mesmas...
- Avaliación das competencias e contidos a través de actividades como:
  - Barullo de ideas sobre as emocións básicas.
  - Situacións que xeral as emocións.
  - Estratexias de control emocional
  - Asemblea sobre a importancia das emocións.

A partir desta avaliación tratarase de identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos e alumnas para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>30</b>	<b>35</b>	<b>35</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Presentación de fichas onde amosan o título do proxecto e o tema escollido.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Entrega do portfolio coa procura de información. Fotografías, impresos, recortes...
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e exposición do proxecto.

Como instrumentos de avaliación, empregaranse distintas listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais, presentación, orde, limpeza,....

### Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

A nota calcularase en función a unha rúbrica na que se avalían distintos aspectos tales como presentación da tarefa, orde, limpeza...

A nota de dita rúbrica representará a nota da avaliación parcial correspondente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade en igualdade de condicións e garantindo as mesmas oportunidades.

Neste sentido, cobra especial relevancia o tratamento do Alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo pola situación na que se atopan e entendendo que a educación é un compensador de necesidades. Non obstante, non podemos esquecer que o que guiará a nosa práctica e o máximo desenvolvemento de cada un e de cada unha, independentemente das súas características.

O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, o persoal sanitario e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe.

O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo (esencial neste primeiro curso da etapa), o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para individualizar o ensino e atender á totalidade do alumnado.

Para dar unha resposta adecuada ao noso alumnado de 1º de Educación Primaria, atenderemos á normativa que regula a atención á diversidade de Galicia: o Decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade en Galicia e a Orde do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o mencionado decreto. Igualmente, atenderemos ás distintas orientacións que se reflicten nos diversos protocolos que a Xunta pon á nosa disposición.

As medidas de atención á diversidade establécense unha vez feito o diagnóstico a través da avaliación inicial. Ao ser o primeiro curso da etapa e ao haber alumnado procedente de tres escolas diferentes, faise necesario un estudo pormenorizado das características e estilos de aprendizaxe de cada un/unha para garantir a continuidade na mesma. Para isto, durante as primeiras semanas de setembro revisáronse os informes do alumnado novo en aula procedente doutros centros.

Pola súa parte, a mestra de Audición e Linguaxe levou a cabo a avaliación inicial para comprobar a necesidade de continuar cos apoios que xa recibía o alumnado e para detectar novas necesidades. Igualmente, formou dous grupos de alumnado de 1º que saen da aula 30 minutos cada grupo para traballar as dislalias.

Unha vez feita a avaliación inicial e analizados os resultados co equipo docente, debimos adaptarnos á heteroxeneidade da aula e aos ritmos de aprendizaxe de todo o noso alumnado. Algunhas das medidas que xa se puxeron en marcha son as seguintes:

- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado. Salientan as actividades multinivel para adecuarnos aos distintos niveis do alumnado. Isto é unha realidade na aula xa que hai alumnado que ten adquirida a lectoescritura e outros non. Pasa o mesmo coas matemáticas: hai nenos e nenas que xa saben sumar e outros que aínda non.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo individualizado da titora e reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos.

Entre as medidas extraordinarias de atención á diversidade que se levan a cabo na nosa aula temos o apoio das especialistas de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapeuta.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A comprensión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade.	X	X	X
ET.6 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas.	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e de valores.	X	X	X
ET.8 - Atención á orientación educativa, á acción tutorial.	X	X	X
ET.9 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia de calquera tipo.	X	X	X
ET.10 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X
ET.11 - Educación para a paz.	X	X	X
ET.12 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X

### Observacións:

Os valores mencionados traballaranse de maneira transversal na totalidade de trimestres. Os valores 1, 2, 3 e 4 traballanse por ser os medios principais de adquisición do coñecemento: a información proporcionarase en diferentes soportes e formatos para atender ás necesidades do século XXI en materia de información e coñecemento.

Foméntase a creatividade a partir da reflexión, a pintura como forma de expresión e comunicación e a autonomía no traballo.

Evitaremos comportamentos discriminatorios e a violencia así como a prevención e a resolución pacífica de conflitos traballando habilidades sociais como a asertividade e a empatía. Con estas habilidades, estamos educando para a paz.

A educación emocional traballarase en todas as sesións do proxecto e o enfoque do proxecto será coeducativo.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación na semana cultural.	Presentación do proxecto.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Coherencia entre os elementos curriculares e as tarefas deseñadas
Metodoloxía empregada
Emprego de metodoloxías adecuadas á elaboración e execución do proxecto
Mantemento no tempo da motivación do alumnado
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Preparación da clase e dos materiais didácticos: o desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo, distribución temporal equilibrada, materiais que permitan a manipulación, sexan atractivos, atraentes e accesibles para o alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Actividades de reforzo e ampliación que permita ao alumnado recuperar contidos non afianzados e afondar en función das capacidades, garantindo o dereito do máximo desenvolvemento das potencialidades de cada unha e cada un.
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Estilo de ensinanza e rol da mestra

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais

Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias: os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos, os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe, os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas, os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer ao alumnado e as familias.

### **Descrición:**

A avaliación dos procesos de ensinanza/aprendizaxe é unha das funcións do profesorado, polo tanto, un dos aspectos que non podemos esquecer de avaliar é a nosa propia práctica docente e a programación didáctica. A avaliación da práctica docente pretende revisar as accións do profesorado co fin de optimizalas, tendo a seguridade de que mellorando estas, mellorarase inevitablemente a calidade das aprendizaxes dos alumnos e alumnas, obxectivo último e fundamental desta tarefa.

Os indicadores de logro para ter en conta esta avaliación serían os seguintes:

- Preparación da clase e dos materiais didácticos.
- Utilización dunha metodoloxía axeitada: multinivel, innovadora, activa e vivencial, que parta do seu entorno máis próximo.
- Regulación da práctica docente.
- Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias.
- Utilización de medidas para a atención á diversidade.

Dende a acción activa e continua do proceso educativo faise necesaria unha reflexión ou avaliación sobre a programación, mediante indicadores de logro que permiten coñecer o grao de consecución dos obxectivos propostos, a adecuación dos contidos, da metodoloxía e das actividades e dos recursos, a temporalización... Tamén é interesante aproveitar momentos co alumnado para facer entrevistas semiestruturadas onde se investigue sobre as expectativas, o benestar e a integración do alumnado.

Basearémonos na observación sistemática e directa para avaliar ao alumnado xa que neste proxecto o acento ponse na elaboración do proxecto: búsqueda de información en diversos soportes, traballo en equipo, técnicas e estratexias de aprendizaxe...

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Igualmente, levarase a cabo a través da aplicación PROENS o seguimento das unidades. Hai que destacar a utilización do diario de clase e a programación semanal para o seguimento da actividade lectiva. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliación e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

- Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.
- Desenvolvemento de habilidades prácticas na búsqueda, tratamento e comunicación da información (sempre atendendo ao nivel educativo do grupo).
- Presentar unha coherencia gradual lóxica dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ao longo do seu desenvolvemento.



- Responder aos centros de interese do alumnado do grupo (É por isto que cada un elixirá unha emoción).
  - Establecer relacións coas actividades extraescolares e complementarias.
  - Realizárase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificacións e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.
  - Prever mecanismos de recuperación, repaso, ampliación e reforzo.
  - Modificarse en función das necesidades de docencia ou aprendizaxe sen perder coherencia.
  - Participación das familias na realización do proxecto.
- A avaliación e reflexión convertese nesta programación no principal proceso de mellora, xa que nos permite obter información sobre contidos que non foron interiorizados, experimentos que non resultaron motivadores...

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000648	CEIP Plurilingüe Enrique Barreiro Piñeiro	Cambados	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Relixión Católica	1º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	19
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	24
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	25
9. Outros apartados	25

## 1. Introducción

O currículo vixente na área de Relixión Católica e as súas orientacións pedagóxicas serán o marco de referencia na realización desta programación así como a normativa vixente para a etapa de Primaria. Basearase no Decreto 155/2022 do 15 de setembro e a Orde do 26 de maio de 2023 que o desenvolve.

A presente programación destínase ao alumnado de 1º, sendo 7 nenas e 8 nenos.

A lingua predominante do alumnado é o castelán

O alumnado de Educación Infantil promocionou sen dificultade.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, identificar e expresar os elementos crave da dignidade e a identidade persoal en situacións vitais próximas, a través de biografías inspiradoras e relatos bíblicos de alcance antropolóxico, para ir conformando a propia identidade e as súas relacións con autonomía, responsabilidade e empatía.	1-3			1-4	1-2-5		2-3	3
OBX2 - Descubrir, recoñecer e estimar a dimensión socioemocional expresada na participación en diferentes estruturas de pertenza, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais tendo en conta algúns principios xerais da ética cristiá, para a mellora da convivencia e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Identificar e interpretar as situacións que prexudican ou melloran a boa convivencia, analizándoas coas claves persoais e sociais da proposta cristiá, para fomentar o crecemento moral, a cooperación cos demais e o desenvolvemento de valores orientados ao ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Comprender e admirar o patrimonio cultural nalgunhas das súas expresións máis significativas, gozando da súa contemplación, analizando o universo simbólico e vital que transmiten, para valorar a propia identidade cultural, promover o diálogo intercultural e xerar creacións artísticas.	4	3		2-3		3		1-2-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Explorar, desenvolver e apreciar a propia interioridade e experiencia espiritual, recoñecendo nas propias emocións, afectos, símbolos e crenzas, coñecendo a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeu cristián e doutras relixións, para favorecer o autoconecemento persoal, entender as vivencias dos outros e promover o diálogo e o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Comprender os contidos básicos do cristianismo, valorando a súa contribución á sociedade, para dispoñer dunha síntese persoal que permita dialogar, desde a propia identidade social e cultural, con outras tradicións relixiosas e áreas de coñecemento.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Coñezo novos amigos!	Traballan a volta ao cole, as rutinas na clase e as normas de comportamento.	8	2	X		
2	Síntome querido/a e coidado/a!	Agradecen a sorte de pertencer a Creación de Deus.	12	3	X		
3	Somo iguais!	Todos somos iguais e debemos coidarnos e coidar do agasallo de Deus.	12	3	X		
4	Celebramos o Nadal!	Descubren o tempo de Advento e a importancia do Nadal. Coñecemos a familia de Xesús.	14	8	X		
5	Compartimos moitas vivencias!	Nesta unidade traballárase o coidado da nosa casa en común: como o grande agasallo que nos deu Deus. Tamén se traballará o camiño da paz para a resolución de conflitos.	12	4		X	
6	Emociónate como María, a nai de Xesús!	Descubren coma os cristiáns expresan a súa fe con diferentes celebracións. Conmemoración da Coresma e da Semana Santa.	16	7		X	
7	A Biblia, o noso libro sagrado!	Valorar a Biblia como libro sagrado que nos invita a achegarnos a un montón de historias.	14	5			X
8	Que non falte a alegría!	A grande familia da Igrexa. Festas máis coñecidas da contorna.	12	3			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Coñezo novos amigos!	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoas co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconceito axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar aos seus amigos e recoñecer os seus erros.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É que de dar significado ao que está a aprender.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións, sentimentos e vivencias nos textos que lemos na aula.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús coma o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise e expresión da mensaxe cristiá na música, as artes e outras manifestacións culturais e tradicións da contorna.</li> <li>- Recoñecemento da Biblia, Palabra de Deus na vida da Igrexa, como libro sacro do cristianismo.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- María, a Nai de Xesús.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.</li> <li>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> <li>- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.</li> <li>- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.</li> <li>- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Síntome querido/a e coidado/a!	3

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza.	TI	100
CA1.2 - Recoñecer algunhas das características que definen a autonomía persoal, desenvolvendo un autoconcepto axustado e unha autoestima saudable, para a propia aceptación persoal e para integrarse nos grupos de pertenza con asertividade e responsabilidade, á luz do Evanxeo.	É quen de respectar aos seus amigos e recoñecer os seus erros desenvolvendo un autoconcepto axustado.		
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiáns.		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal.		
CA1.10 - Identificar as propias emocións, sentimentos e vivencias relixiosas, compartíndoos e recoñecéndoos no outro, tendo en conta a experiencia de personaxes relevantes da tradición xudeocristiana.	Identifica as súas emocións, sentimentos e vivencias nos textos que lemos en clase.		
CA1.11 - Recoñecer que Xesús de Nazaret é o centro da mensaxe cristiá, valorando as súas achegas para a persoa e a sociedade en contornas diversas.	Identifica a Xesús comam o protagonista da mensaxe de Amor dos cristiáns.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá.</li> <li>- Capacidades, potencialidades e limitacións de cada ser humano.</li> <li>- Valor intrínseco de toda persoa, para o cristianismo como criatura de Deus.</li> <li>- Exploración de personaxes bíblicos e modelos cristiáns e a súa procura da felicidade.</li> <li>- Grupos de pertenza: diferenzas e relación con Xesús de Nazaret.</li> <li>- A familia e a incorporación á vida social na visión cristiá.</li> <li>- Aprecio de momentos de silencio, interiorización e contemplación.</li> <li>- Expresión, empregando diversas linguaxes, da propia crenza, emocións e afectos.</li> <li>- Cosmovisións, tradición cristiá e cultura.</li> <li>- Valoración da importancia das celebracións relixiosas para as persoas crentes.</li> <li>- Xesucristo, centro da mensaxe cristiá.</li> <li>- María, a Nai de Xesús.</li> <li>- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.</li> <li>- O compromiso e responsabilidade do ser humano no coidado da natureza e os seres vivos desde unha visión cristiá.</li> <li>- Gratitude cara ás persoas que nos coidan e cara a Deus Creador.</li> <li>- Obras e palabras que mostran o amor de Xesús de Nazaret a todas as persoas.</li> <li>- O mandamento do amor como máxima relacional do cristianismo.</li> <li>- Actitudes e accións que promoven a fraternidade.</li> <li>- Hábitos e valores de respecto á natureza como creada por Deus.</li> <li>- Actitudes cotiás que fomentan unha convivencia pacífica.</li> </ul>



**Contidos**

- Respecto e valoración das emocións, crenzas, sentimentos e expresións relixiosas doutras persoas.

UD	Título da UD	Duración
3	Somo iguais!	3

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Observar nos relatos e personaxes bíblicos valores fundamentais do ser humano, relacionándoos co desenvolvemento da súa autonomía e responsabilidade no grupo-clase.	É quen de destacar nun relato dun personaxe bíblico que valor humano o caracteriza e relacionalo con algunha acción.	TI	100
CA1.3 - Recoñecer os vínculos e relacións cos grupos de pertenza, comparándoos cos de Xesús de Nazaret, identificando hábitos e principios que axudan a xerar un clima de afectividade, respecto, solidariedade e inclusión.	Identifica hábitos que xeran un clima positivo e mantén unha actitude de respecto cara as costumes cristiáns nos grupos aos que pertence.		
CA1.4 - Apreciar e mostrar actitudes de respecto, mediación e coidado do próximo e da natureza, derivadas da análise das palabras e accións de Xesús de Nazaret.	É consciente de que hai palabras, xestos e algunhas accións que melloran a convivencia e embelecen o lugar onde vivimos.		
CA1.5 - Visualizar e identificar que situacións cotiás promoven unha convivencia pacífica, a través de escóitaa e análise de relatos bíblicos, para aprender a resolver pacífica e inclusivamente os conflitos.	Escoita e resolve pacificamente os conflitos que xurden entre os compañeiros/as.		
CA1.6 - Describir algunhas situacións próximas de desamparo, fragilidade e vulnerabilidade, empatizando coas persoas desfavorecidas e recoñecendo a preferencia de Xesús de Nazaret polos que máis sofren.	Describe situacións próximas e empatiza cos compañeiros/as que o están a pasar mal.		
CA1.8 - Descubrir como o pobo cristián mostra a súa fe na vida diaria en diferentes festas e manifestacións relixiosas, comprendendo o vínculo que as une ao Evanxeo e a súa actualización na comunidade cristiá.	Descubre a riqueza cultural das celebracións cristiáns como expresión de identidade cultural da nosa sociedade.		
CA1.9 - Tomar conciencia da propia interioridade a través de narracións e biografías cristiás significativas, para favorecer o autoconecemento persoal e as vivencias dos outros.	É quen de dar significado ao que está a aprender e tenta aplicalo a contextos propios e dos outros.		
